

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 22 de decembro de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e dous de decembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33289.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 15 de decembro de 2023.

2.33290.- APROBACIÓN DA I ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS” (Expte.2023069862)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021, aprobou o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos (Expte. nº 2021052661), cuxa vixencia esténdese ata o 15 de febreiro de 2024.



Segundo.- A Deputación de Pontevedra, consciente da demanda e a importancia do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, ten interese en dar continuidade ao devandito servizo a través da aprobación dunha prórroga, tal como ven recollido na cláusula décima do Convenio, onde se establece que o mesmo “...poderá prorrogarse, de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou superiores, por outros dous (2) anos, de conformidade co disposto no artigo 49, letra b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Terceiro.- Que, en atención ás competencias propias e ao número de Concellos adheridos e de conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 10.33201 polo que se aproba a prórroga, ata o 21 de febreiro de 2026, do contrato do “Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos adheridos da provincia de Pontevedra” (Expte. 2021033561).

Cuarto.- No ámbito competencial, o art. 60 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), prevé que todos os padróns municipais xestionaranse por medios informáticos, correspondéndolle ás Deputacións Provinciais o apoio técnico e económico para este fin aos municipios do seu ámbito xeográfico, e asumirán a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa menor capacidade económica e de xestión, non o leven efectivamente así.

Ademais, o artigo 36.1 apartado g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia propia da Deputación: “A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes” e o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.

Por todo o exposto, e vistos os informes favorables do asesor xurídico de Administración electrónica e da Intervención e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar a presente I Addenda, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos, co seguinte texto:

<<I ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS.



En Pontevedra/[o]

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, actuando en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

D^a/D. [o], alcaldesa/alcalde do Concello de [o], actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 26 de novembro de 2021 aprobouse o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos (expte. nº 2021052661).

Segundo.- Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou superiores, por outros dous (2) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 24 de novembro de 2023, foi prorrogado o servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, expte. 2021033561.

Cuarto.- Que o art. 60 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), prevé que todos os padróns municipais xestionaranse por medios informáticos, correspondéndolle ás Deputacións Provinciais o apoio técnico e económico para este fin aos municipios do seu ámbito xeográfico, e asumirán a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa menor capacidade económica e de xestión, non o leven efectivamente así.

Ademais, o artigo 36.1 apartado g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia propia da Deputación: “A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes” e o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.



Quinto.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexto.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da demanda e a importancia do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para os 37 concellos adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta I Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.

Sétimo.- Resultando de interese para as Entidades Locais continuar uso e soporte dunha solución de Padrón Municipal de Habitantes.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio

Ampliar a vixencia do convenio ata o 21 de febreiro de 2026, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos (expte. 2021033561).

A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDA.- Efectos da I Addenda

A presente I Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.

Salvo modificacións expostas na presente I Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.

TERCEIRA.- Réxime Xurídico

A regulación establecida nesta I Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I Addenda ao “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos”.>>

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da mencionada I Addenda mediante a súa sinatura.

3.33291.- APROBACIÓN ADDENDA PARA A MODIFICACIÓN DA VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195” (Expte.2022008814)

O 10 de xuño marzo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A RamallosaParada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195”.



A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A RamallosaParada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195*”.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “*PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O PQ 3+200 AO PQ 4+195*”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Juan Antonio González Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 10 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A Ramallosa-Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A Ramallosa-Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195 (Concello de Nigrán)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 10 de xuño de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

O presidente da Deputación Provincial,
Luis López Diéguez

O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”

O alcalde do Concello de Nigrán,
Juan Antonio González Pérez

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Nigrán, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



4.33292.- APROBACIÓN ADDENDA PARA A MODIFICACIÓN DA VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6005 PRADO-BODAÑO, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+573, NO CONCELLO DE LALÍN” (Expte. 2021018624)

O 20 de xaneiro de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005, do PQ 0+000 ao PQ 0+573*”

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)*”.



Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 6005, DO PQ 0+000 AO PQ 0+573.

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, José Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes reconécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 20 de xaneiro de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005, do PQ 0+000 ao PQ 0+573”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 20 de xaneiro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”



E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.
O presidente da Deputación Provincial, *Luis López Diéguez*
O alcalde do Concello de Lalín, *José Crespo Iglesias*

O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

5.33293.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 7204 SOUTELO-RATEL, DENDE O PQ 5+000 AO PQ 9+429 (CONCELLO DE FORCAREI)” (Expte.2023000984)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2023, adxudicou a obra “*Mellora da seguranza viaria na EP 7204 Soutelo-Ratel, dende o PQ 5+000 ao PQ 9+429 (Concello de Forcarei)*” á empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” (NIF B36147429) por importe total de 333.696,39 € (IVE engadido) e cun prazo de execución de CATRO (4) MESES.

En data 02/11/2023 o contratista achegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación, a acta de paralización da obra solicitando a suspensión por mor da climatoloxía adversa derivada dos temporais dos últimos meses do ano con efectos dende o 2 de novembro de 2023.

Posteriormente, en data 09/11/2023 achega a acta de reinicio das obras con efectos dende o 20/11/2023, na que fai constar que “*por mor da climatoloxía propia desta época do ano, suspendéranse as obras con data 2 de novembro de 2023, por non ser posible realizar nesas condicións as unidades de obra do contrato. Sen embargo, o prognóstico meteorolóxico para esta semana é favorable, o cal xunto coa dispoñibilidade de medios da que dispón o contratista para traballar neste semana, propicia que se levante acta de reinicio de obras actuación consiste na reparación da estrada e a mellora da capa de rodaxe, mediante o fresado e posterior reposición do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, realizarase a sinalización horizontal e vertical do tramo afectado*”.

Non consta no expediente a aprobación da suspensión da execución do contrato pola Xunta de Goberno da Corporación Provincial.

Remitada a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 5, esta devólvea en data 11/12/2023 con base a que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilma. Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación núm. 5 da obra “*Mellora da seguranza viaria na EP 7204 Soutelo-Ratel, dende o PQ 5+000 ao PQ 9+429 (Concello de Forcarei)*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429)	23/456-4530-612.01.2022	323.964,23 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)		8.999,63 €
Control de calidade (3% P.E.M. lic)		7.304,90 €
Total descontos		16.304,53 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		307.659,70 €

6.33294.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023074899, que contén 1 factura e por un importe de 67,54 € e con CSV: QH2XOKWB2YSD4K1Y, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/12/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	78,46€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	10,92 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	67,54€



b) Vista a relación de facturas con número 2023074900, que contén 15 facturas e por un importe de 48.337,46€ e con CSV: RIBPQUBEUWEE3CJE, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/12/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	47.509,32€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	828,14€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	48.337,46€

7.33295.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO EN BARRANTES (CONCELLO DE RIBADUMIA)”.
(Expte. 2023056043)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9506 Barrantes-Vilariño, que transcorre polo Concello de Ribadumia.

Resultando.- Que o treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que a E.P. 9506 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cuxa zona de actuación está situada integramente no Concello de Ribadumia. Ao longo do treito atopamos unha sección con dobre sentido de circulación e beirarrúas estreitas en ambas marxes (a excepción dos últimos cen metros da zona de actuación na marxe esquerda que presenta unha cuneta) sen prazas de estacionamento e con beiravías entre a zona de calzada e as beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.



Resultando.- Que preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade mediante a urbanización da Rúa Condesa (treito inicial da EP-9506 do P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420) e a execución das áreas de estacionamento nas parcelas anexas ao viario indicadas nos planos, situados na contorna do conxunto educacional e deportivo que conforman os edificios do núcleo urbano de Barrantes.

Resultando.- Que con data 04 de setembro de 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia, convenio de colaboración par a execución do “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento. Barrantes”, por importe de 704.482,97 €

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Ribadumia mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	493.138,08	70
Concello de Ribadumia	211.344,89 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	704.482,97 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adjudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto Manuel Tanoira Carballo adscrito á empresa Brota Arquitectura, o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia) cun orzamento base de licitación de 704.482,97 € IVE incluído.. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 12 de xuño de 2023 asinado polo enxeñeiro de proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental CSV: V17TLKCPRGO1GYLW.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 704.482,97 €, con número de operación 202300153061 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20/10/2023 acordou o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)”, redactado polo arquitecto Manuel Tanoira Carballo adscrito á empresa Brota Arquitectura, cun orzamento base de licitación de 704.482,97 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8UMZTPM40M9Z9OCM, o preceptivo informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación, que recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente, o que se lle asignou o CSV: C74R6ZQJLNSXTQV5, recollendo o seguinte: “...*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSION Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*” cun orzamento base de licitación de 704.482,97 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	582.217,33 €
IVE (21%).....	122.265,64 €
Importe Total.....	704.482,97 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): D8XISLEPKDWUVNXO, e de prescricións técnicas con código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 704.482,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

8.33296.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DO CENTRO INFANTO-XUENIL AGARIMO E ALMACÉN XERAL DE CPF” (Expte. 2023006141)

Resultando.- Que o Centro Príncipe Felipe traslada a necesidade de acometer as obras de substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo y Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe debido que a actual cuberta presenta diferentes problemáticas relacionadas con filtracións de auga, fisuras en material de cubrición que provocan desprendementos nos parámetros verticais e horizontais exteriores; deterioro de canalóns e baixantes interiores que producen filtracións e desprendementos de acabados interiores; presenza de baixantes exteriores non conectadas a arquetas de pluviais para a evacuación de auga, o cal provoca encharcamentos e danos nas fachadas da edificación.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe, solicitando iniciar a tramitación da licitación do procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato de obras “Substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Freire y Vázquez arquitectos, S.L.P. o proxecto de execución da obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF”, cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300204374 e 202300204373, por importe de 303.758,70 € e 652.300,75 € respectivamente con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03, 23/232.2312.632.03.2022.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou o proxecto de execución da obra “*Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF*” redactado por Freire y Vázquez arquitectos, S.L.P., cun orzamento base de licitación de 956.059,45 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente oficio do Concello de Pontevedra con CSV: CSZQXT4Z8RY9SSDM, no que se recolle que ao abeiro do artigo 142.3 da LSG e 360.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as obras proxectadas atópanse entre as susceptibles de acollerse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.

Resultando.- Que consta no expediente modelo 514VLBIS de comunicación previa de obras, coa restante documentación requirida, presentado no rexistro electrónico do Concello de Pontevedra na data 21/09/2023 baixo o número 2023041584.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación con CSV: G66KEDUA9SKYE40B, no que se recolle que se estima que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do expediente, que consta con CSV: 6ZPPC9K1B8F71KW5, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.
CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que en virtude do art. 147.1 da LSG, os actos relacionados no art.142 que promovan os órganos das administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal mediante a obtención da licenza municipal ou comunicación previa.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Substitución de material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF*” cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	790.131,78 €
IVE (21%).....	165.927,67 €
Importe Total.....	956.059,45 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 82FH267ANAXZ1C45, e de prescricións técnicas con código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 956.059,45 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03 e 23/232.2312.632.03.2022 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

9.33297.- AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS - PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)” (expte.2022045199)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou adxudicar á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., CIF (B15411705) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos”, por un importe de 411.312,96 euros IVE e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 16/01/2023 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 16/07/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou autorizar a suspensión da execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, con efectos dende o 17/03/2023.

Resultando.- Que en data 26/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de reinicio da obra, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/10/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/10/2023 acordou conceder á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23 de decembro de 2023.

Resultando.- Que mediante escrito presentado polo contratista a través do rexistro electrónico da Deputación, na data 15/11/2023 (Rex_web2023063175), un mes antes da finalización do prazo de execución, solicita unha nova ampliación do prazo de execución de DOUS MESES E MEDIO (2,5) MESES, debido ás seguintes circunstancias:

- A compañía responsable non realizou os traballos de modificación da liña afectada o que impide o normal desenvolvemento dos traballos.

- No último mes e medio sucederon episodios de intensas choivas e temporais que impediron obter a produción esperada sendo imposible alcanzar a produción planificada.



Resultando.- Con data 01/12/2023 que emitiu a dirección de obra, constando no expediente con CSV: QWRDM8ZTAESL2XH5 recóllese o seguinte: “...*En relación cos traballos que debe cometer a compañía eléctrica, infórmase que a mesma xa executou a arqueta en tensión que propiciou a concesión da prórroga anterior. Os traballos pendentes por parte da compañía eléctrica non condicionan a día de hoxe o avance das obras, polo que non debe suspenderse a execución de ningunha unidade motivada pola interferencia coa compañía subministradora de baixa tensión. No que respecta ás condicións meteorolóxicas, é certo que a climatoloxía está impedindo que os rendementos na execución da obra sexan os óptimos. Polo que se considera que procede a ampliación de prazo en mes e medio por causas non imputables ao contratista. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin ao prazo que impliquen a necesidade de modificación contractual máis alá do prazo sinalado. [...]. Á vista do anteriormente exposto, a Dirección Facultativa considera que procede a ampliación de prazo por causas non imputables ao contratista por un período de UN MES E MEDIO...*”.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) YTY65ZITLUASOP3V no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en UN MES E MEDIO (1,5) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 06/02/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...*O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...*”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...*Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”

Considerando.- *Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que por Resolución Presidencial número 2022008805 de data 12/12/2022 adxudicouse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.AU. o contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.



Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na segunda prorrogación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, por un importe de 798,18 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: F9IQJMQH0FCVLPJR, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/42, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 202300263716.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L., CIF (B15411705), unha ampliación de prazo de MES E MEDIO (1,5) MESES, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 06/02/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na segunda prorrogación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)” (Expte. 2023074258) por un importe de 798,18 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	659,65 €
IVE (21 %)	138,53 €
Importe total	798,18 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante MES E MEDIO (1,5) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, con efectos dende o 24/12/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023074258.



10.33298.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2703 PAZOS-PONTEAREAS, DENDE O P.Q. 0+000 O P.Q. 11+335 (CONCELLOS DE PAZOS DE BORBÉN E PONTEAREAS)”
(Expte. 2023010861)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20/10/2023 acordou adxudicar á empresa NAROM, S.L. o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)”, por un importe de 712.937,37€, IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 13/12/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 13/06/2024.

Resultando.- Que con data 13/12/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de paralización da obra. Recolle a acta de paralización que non se iniciou a execución da obra, estando pendente todas as unidades por executar

Resultando.- Que os motivos da paralización recóllense en informe complementario emitido pola directora de obra, que consta no expediente con CSV: AR7RW8YHFII2L8JP. O citado informe recolle o seguinte: “...As obras a realizar consisten na reparación do firme do vial. As actuacións a levar a cabo son saneos da explanada, mellora da rede de drenaxe e reforzo e fresado e reposición da capa de rodadura mediante capa de formigón bituminoso en quente e microaglomerado. A época do ano na que nos atopamos non é a adecuada para a execución de ditas unidades, que son moi sensibles á choiva, á humidade e á temperatura e ós saltos térmicos de temperatura. Coas intensas choivas do mes de novembro e a humidade da zona os taludes da estrada e a explanada están cheos de auga que se está expulsando pouco a pouco a través da rede de drenaxe, polo que non é adecuado abri-la estrada neste intre descomprimindo os materiais que conforman a explanada. Por outra banda, as principais unidades a executar, deben realizarse cunhas condicións climatolóxicas adecuadas para garantir a calidade da obra rematada. O formigón bituminoso en quente non debe executarse con baixas temperaturas e o mesmo ocorre co microaglomerado, que necesita temperaturas superiores a 10°C, sen humidade no firme e nunha época con temperaturas estables (sen saltos térmicos), para que poidan ter un curado óptimo e a súa durabilidade non se vexa comprometida...”

Resultando.- Que con data 18/12/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para iniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas do mes de novembro, produciron que se estean a dar unhas condicións de humidade na zona de taludes da estrada e explanada que están cheos de auga filtrando continuamente a través da rede de drenaxe, o que unido ás baixas temperaturas existentes e que se prevén para as vindeiras datas, fai que se dean unhas condicións incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre SEIS (6) MESES para a finalización do prazo de execución...”



Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Pontearreas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Pontearreas)”, con efectos dende o 13/12/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre SEIS (6) MESES, para finalizar a obra.

11.33299.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCIÑA E COMEDOR, PARA O CAMPAMENTO DA LANZADA 2024”. (Expte.2023062397)

A Deputación de Pontevedra leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas á xuventude no ámbito da educación non formal, da inserción sociolaboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre, entre outras. Así, dende o Servizo de Cohesión Social e Xuventude ponse en marcha o programa *Campamentos A Lanzada 2024*, permitindo que ata un máximo de 1.540 menores empreguen o seu tempo libre no verán, participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e faciliten que coñezan outros lugares fora do seu contorno habitual, complementando a oferta de actividades doutras Administracións Públicas, nun entorno máis próximo á cidadanía.



Esta programación realízase baixo a competencia que reconece o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo o cal son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cás competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A maiores, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas. Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6 como uns dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán ao dispor das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

E finalmente a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continúen sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios nos anos oitenta, de xeito que o que comezou sendo un programa vacacional para os nenos e nenas da Cidade Infantil Príncipe Felipe ampliouse a tódolos rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra, ofertando prazas de balde para aqueles que se atopen en risco de exclusión social e permitindo tamén a participación de todos os nenos e nenas de xeito inclusivo, superando cada ano as 4.000 solicitudes.

Tal e como se recolle nos pregos, é obxecto deste contrato a prestación do servizo de restauración para as nenas e nenos con idades comprendidas entre os 8 e 13 anos que participan no programa, “CAMPAMENTOS A LANZADA 2024” así como tamén para o equipo técnico educativo que leve a cabo a xestión do mesmo, e a limpeza e desinfección da cociña e zoas comúns do comedor interior e exterior, vestiarios e aseos. Polo tanto, entre as persoas destinatarias, ademais dos nenos e nenas atópase tamén o equipo que desenrolará o proxecto técnico educativo (140 nenos e nenas en cada quenda e 27 persoas do equipo técnico educativo) Todas as persoas que compoñen o equipo técnico permanecerán nas instalacións, durante todos os días de cada quenda, en réxime de pensión completa co mesmo menú que os/as menores participantes no campamento, cuxo custe é asumido pola Deputación de Pontevedra, contemplado no prezo de licitación do servizo de restauración, e non incluído no cálculo do prezo do programa. Así mesmo, e labor do monitorado, acompañar aos nenos e nenas con alerxias e/ou intolerancias alimentarias en todas as



comidas, cun protocolo específico nestes casos, así como ensinar, na medida do posible, que todos os nenos e todas as nenas leven unha dieta saudable, e que non se salten ningunha das comidas diarias. A prórroga do contrato formalizado coa empresa adxudicataria da xestión técnico educativa atópase en proceso de tramitación.

Dito o anterior, as instalacións de A Lanzada, contan con cociña equipada, comedor interior e exterior, con vestiarios e aseos, pero non contan cós medios necesarios para levar a cabo os devanditos servizos (persoal de cociña comedor e limpeza, para elaborar os menús diarios en cada quenda, levar a cabo a xestión da despensa e a compra de alimentos así como a limpeza de todas as zonas indicadas), polo que é preciso acudir á contratación externa dunha empresa especializada neste campo.

En base ao exposto, con data 17/10/2023, o Deputado Delegado de Xuventude e Reto Demográfico, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita Providencia de Inicio para a contratación dunha empresa especializada que preste o servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da lanzada 2024. O contrato proposto ten un prazo máximo de duración dun (1) ano, debéndose executar a prestación entre o 19 de xuño e o 10 de setembro do 2024, coa posibilidade de dúas (2) prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 172.467,21 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 23/10/2023 Intervención emite documento de retención de crédito de exercicios futuros número 202300217696 polo importe de 172.467,22 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23.231.3370.227.20 do vixente orzamento provincial.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Cohesión Social e Xuventude, reflectidas no seu informe de data 23/10/2023.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 24/10/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 02/11/2023, coas seguintes observacións: *“Non obstante, debe de conciliarse o disposto na providencia de inicio co sinalado nos PCA para a clasificación das empresas no presente procedemento. Ao respecto da determinación dunha oferta como anormal, debe aclararse polo servizo cales son os criterios de adxudicación que se teñen en conta para elo, xa que os PCA só contemplan o prezo na fórmula que aparece no Anexo III.”*

Visto que con data 02/11/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Cohesión Social e Xuventude, reflectidas no seu informe e no anexo III actualizado, ambos de data 14/12/2023.

Tendo en conta que, con data 14/12/2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15/12/2023 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Os pregos de prescricións técnicas particulares deben recoller todas aquelas características de esta índole que deba reunir a prestación do contrato e non conter, pola contra declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP) coma o prazo. Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP.

Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de restauración, e limpeza da cociña e comedor, para o campamento da Lanzada 2024*”.



O prazo máximo de duración do contrato será dun (1) ano dende a data de formalización do mesmo, debéndose executar as súas prestacións entre o 19 de xuño e o 10 de setembro do 2024. Establécese a posibilidade de dúas (2) prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 172.467,21€

O valor estimado é de 470.365,11€

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: KWWO7GFYWN5KR23O) e de prescricións técnicas (CSV: 9DRG6PTXYIM6WGE4) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 172.467,21 €, con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 231.3370.227.20, do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Begoña Estévez Bernárdez, xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

12.33300.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN DO LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DE VIRTUALIZACIÓN VMWARE PARA A NOVA INFRAESTRUTURA DE SERVIDORES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2023055648)

A Deputación de Pontevedra dispón dunha plataforma de sistemas informáticos que ten o obxectivo principal de resultar eficiente e segura para poder levar a acabo a entrega dos distintos servizos aos cidadáns. Esta plataforma de sistemas require, dende o punto de vista da xestión interna, a adopción de tecnoloxías que permitan a autorización dos procesos, o rápido despregamento de servizos en liña e a xestión optimizada dos recursos do hardware dispoñible. Para lograr estes obxectivos mantendo os niveis de seguridade e dispoñibilidade requiridos resulta imprescindible o uso de solucións avanzadas para a virtualización de servidores.



A Deputación de Pontevedra levou a cabo recentemente a renovación completa da súa infraestrutura de servidores físicos. Esta nova infraestrutura será utilizada para ofrecer servizos tanto ao persoal da Institución, como aos distintos colectivos e a cidadanía da provincia, segundo as competencias atribuídas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O software utilizado para os servizos de virtualización provistos por esta nova infraestrutura de servidores será o do fabricante VMware. Este fabricante dispón dun modelo de licenciamiento de pago por uso ou subscripción anual que se basea na adquisición do número de licencias necesarias, que será determinada en función do número de núcleos (cores) totais a licenciar, e unha renovación anual para dispoñer dos servizos de soporte e mantemento do software de virtualización por parte do fabricante. Así, propónse a adquisición de licenzas VMware, como solución líder en virtualización e xestión de infraestruturas, co fin de mellorar a eficiencia, a escalabilidade e a seguridade dos sistemas tecnolóxicos da Deputación de Pontevedra.

O servizo xestor xustifica en diferentes puntos as razóns para a adquisición destas licencias así como a elección das mesmas en favor doutro tipo de ferramenta de software libre dispoñible.

En resumo, o investimento en licenzas VMware é esencial para garantir que a Deputación de Pontevedra continúe proporcionando servizos modernos e seguros nunha contorna tecnolóxica en constante evolución. A adopción desta solución de virtualización líder achegará beneficios significativos en termos de eficiencia, flexibilidade e seguridade, mellorando a posición desta administración para abordar os desafíos actuais e futuros.

Por outra banda, respecto á posibilidade de existencia de programas ou solucións titularidade doutras administracións que puideran satisfacer as necesidades que se pretenden co presente contrato da cordo co establecido no artigo 157.3 da Lei 40/2015, realizouse unha búsqueda no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnología (CTT):

<https://administracionelectronica.gob.es/ctt/solucionesTodas.htm?verTodas=true#.YIITIGaP6Uk>, e non figura ningún software de virtualización VMware.

Dado que a Deputación non conta cos medios materiais e humanos para levar a cabo tanto esta subministración, é necesario realizar unha contratación, xa que é un produto moi específico, mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública para a presentación de ofertas por medios electrónicos.

En relación ao procedemento de contratación infórmase que non se acudirá ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Hacienda xa que o software que se comercializa dentro do lote 3 do Acordo Marco 13/2018 “subministro de servidores, sistemas de almacenamento, software de infraestrutura”, finalizou a súa vixencia o 1 de xullo de 2022, o que imposibilita a súa tramitación por dito sistema.

En base ao exposto, con data 13/10/2023, o Deputado Delegado en materia de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita Providencia de Inicio para a contratación da Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra.



O contrato proposto ten un prazo de duración de 3 anos dende a data de formalización do mesmo, sen preverse ningunha prórroga, e un orzamento base de licitación de 200.859,33 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 15/12/2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 02/11/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 15/11/2023 coas seguintes observacións contidas no mesmo:

“Non obstante, o sinalado nos PCA e na providencia de inicio do expediente para as empresas de nova creación debe de adaptarse ao disposto no art. 89 da LCSP.”

Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente polo servizo de Novas Tecnoloxías, reflectidas nos seus informes de datas 16/11/2023 e 15/12/2023.

Visto que con data 16/11/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15/12/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Segundo consta na providencia de inicio do expediente, non é posible acudir á contratación mediante o sistema de contratación centralizada xa que este software comercialízase dentro do lote 3 (licenzas software de infraestrutura) do AM 13/2018 do que finalizou a súa vixencia o día 1 de xullo do 2022, o que imposibilita a súa tramitación por dito sistema. Non obstante, dado o tempo transcorrido dende a súa finalización, sería convinte verificar se está en trámite ou non un novo acordó marco por parte do Ministerio e, no seu caso, en qué fase se atopa.”

Visto que con data 20/10/2023, Intervención emite documento de retención de crédito de exercicios futuros número 202300216198 polo importe de 66.953,33 euros, con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 24/926.9260.641.00 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da “Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra”

O prazo de duración do contrato será de 3 anos, contados dende a data de formalización do contrato.

Non se establece a posibilidade de prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 200.859,99€.

O valor estimado é de 165.999,99€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: G8KPGWG5EE7D2I41) e de prescricións técnicas (CSV: F268VM7IOL6WUAM9) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 200.859,99 euros, dos cales a cantidade de 66.953,33 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.641.00 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024; a cantidade de 66.953,33 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 25/926.9260.641.00 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2025; e a cantidade de 66.953,33 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.641.00 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2026.

En todo caso, a distribución da financiación poderá sufrir modificacións en función da data de formalización do contrato, e os gastos que se deriven do mesmo para os anos 2024, 2025 e 2026, quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



13.33301.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REXE A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DO “SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA”.
(Expte. 2020022852)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2020, adjudicou o “Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra” ás seguintes empresas, para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo:

- Lote 1: PROYESTEGAL S.L. (CIF B-27.159.730).
- Lote 2: INGENIERIA DEL NOROESTE S.L. (CIF B-15.128.838).
- Lote 3: ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. (CIF A-15.093.081).

O Acordo Marco entrou en vigor o día 28 de xaneiro do 2021, data da formalización dos tres lotes que o conforman, cun prazo de duración dun ano, e a posibilidade de tres prórrogas anuais, conforme ao establecido na cláusula 5 do prego administrativo.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, nas súas sesións ordinarias do día 3 de decembro de 2021 e do 13 de xaneiro de 2023, aprobou a primeira e segunda prórroga, respectivamente, de todos os lotes do “Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra”, tendo esta última vixencia ata o 27 de xaneiro de 2024 e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

Con data 23 de novembro de 2023 o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade da deputada delegada, emite informe, con CSV: WZOV AZ098BT7RXGA, no que se solicita prorrogar os lotes 1, 2 e 3 do devandito Acordo Marco polo período dun ano, con efectos dende o 28 de xaneiro de 2024 ata o 27 de xaneiro de 2025. No citado informeponse de manifesto que na actualidade a execución do Acordo Marco vense desenvolvendo segundo o pactado, e tendo en conta o previsto nos pregos que rexén a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

Tendo en conta o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes. Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 5 do prego económico-administrativo, e o propio *Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra*, previron a posibilidade de realizar tres prórrogas, cun prazo de duración dun ano cada unha, ata alcanzar o prazo de duración total de catro anos.



Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga para os lotes 1, 2 e 3 en data 17 de novembro de 2023, en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 12 de decembro do 2023 (CSV: I67PBZS76GRV0DCO), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga deste Acordo Marco por unha anualidade, desde o 28 de xaneiro de 2024 ata o 27 de xaneiro de 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 28 de xaneiro de 2024.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste acordo marco; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a terceira prórroga do “Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra” suscrito para o lote 1 coa empresa PROYESTEGAL S.L. (CIF: B27159730), para o lote 2 coa empresa INGENIERÍA DEL NOROESTE S.L. (CIF: B15128838), para o lote 3 coa empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. (CIF: A15093081), durante o período 28 de xaneiro de 2024 ata o 27 de xaneiro de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os contratos que deriven da presente prórroga anual deste Acordo, que se axustarán aos prezos unitarios ofertados polas empresas contratistas, serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.612.02, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

Ao tratarse de anualidades futuras (neste caso, ano 2024 e 2025), o gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



14.33302.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE MANTEMENTO, ASISTENCIA E APOIO Á EXPLOTACIÓN DE DATOS DO SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL DO ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (GTT)”. (Expte. 2020018532)

Na sesión ordinaria do día 05 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación de datos do sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL-Deputación de Pontevedra (GTT)* á empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A. (A81957367), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 09 de marzo de 2021, sendo o prazo de duración de 2 anos a contar a partir do día seguinte á formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha.

Na sesión ordinaria do día 10 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou a primeira prórroga do contrato do *Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación de datos do sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL-Deputación de Pontevedra (GTT)* suscrito coa empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A. (A81957367), durante o período desde o 10 de marzo do 2023 ata o 9 de marzo do 2024.

Con data 30 de novembro de 2023 a Directora de Xestión dos Servizos do Oral, coa conformidade do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 1 ano, con efectos desde o 10 de marzo do 2024 ata o 09 de marzo do 2025.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 16 de outubro de 2023, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 20 de novembro do 2023, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito con número de operación 202300229322 e 202300229326, polo importe de 85.658,00 € e 180.178,02 € respectivamente, con cargo á aplicación orzamentaria 23/932.9320.227.23, e documentos de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202300229324 e 202300229327, polo importe de 41.251,98 € e 19.612,00 € respectivamente, con cargo á aplicación orzamentaria 24/932.9320.227.23, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024 e 2025.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 05 de decembro do 2023 (CSV: T11SXSTILI0O13E6), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación de datos do sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL-Deputación de Pontevedra (GTT)” por unha anualidade, desde o 10 de marzo do 2024 ao 09 de marzo do 2025.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 10 de marzo do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato do “*Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación de datos do sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL-Deputación de Pontevedra (GTT)*” subscrito coa empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A. (A81957367), durante o período desde o 10 de marzo do 2024 ata o 09 de marzo do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (326.700,00 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 10 de marzo do 2024 ata o 09 de marzo do 2025) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2024 (9 meses e 22 días)	Mantemento	932.9320.227.23	180.178,02 €
	Apoio á explotación	932.9320.227.23	85.658,00 €
2025 (2 meses e 9 días)	Mantemento	932.9320.227.23	41.251,98 €
	Apoio á explotación	932.9320.227.23	19.612,00 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

15.33303.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DE “SERVICIOS PUBLICITARIOS CON FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2024”. (EXPTE.2023068843)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2024, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Faro de Vigo, S.A.U.



No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 11 de decembro de 2023, á empresa Faro de Vigo, S.A.U., no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 13 de decembro de 2023 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte: Menor prezo ofertado sen IVE.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815)	233.057,85 €	0,000 puntos

A empresa proposta para a adxudicación está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.652,90 € (carta de pago núm. 202300265298 de data 13/12/2023).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2024*”, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Os prezos unitarios ofertados coinciden coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 0A9LD4N6UOHBV6GO).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	282.000,00 €
------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.



Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023068843	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

16.33304.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO E CORRECTIVO DUNHA PLATAFORMA DE FORMACIÓN INNOVADORA DENTRO DO PROXECTO “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” COFINANCIADO POLO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2022 PARA A FINANCIACIÓN DE PROXECTOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES LOCAIS PARA A INNOVACIÓN TERRITORIAL E A RECTIVACIÓN”. (Expte.2023030012)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13/10/2023 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de implantación e desenvolvemento evolutivo e correctivo dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra” cofinanciado polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos



promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/10/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 13 de outubro de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL (CIF:B15757941)

A continuación, procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Cohesión Social e xuventude ao obxecto de que o persoal técnico do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Recibido informe do servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: Q49ZAPFTG10HHI8), a Mesa de Contratación, en reunión celebrada o día 16/11/2023 acordou prestar conformidade as citadas puntuacións sendo estas as seguintes:

CRITERIOS	Máximo	CINFO
Arquitectura da solución proposta	8,00	7,00
Deseño de frontal web	5,00	4,00
Módulo de xestión de contidos audiovisuais	8,00	6,00
Módulo de comunicación	3,00	2,00
Módulo de Big Data	3,00	2,00
Implantación de aulas virtuais	5,00	4,00
Experiencia formativa interactiva	5,00	5,00
Plan de traballo	3,00	3,00
TOTAIS	40,00	33,00

Así mesmo procedeuse á apertura do sobre “C”, da empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos) sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con (CSV) L0MI91G3XK1X159J.



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios automáticos as puntuacións obtidas son as seguintes:

	Cinfo Contenidos informativos personalizados SL
SOBRE C	
Criterio 1.- Prezo da implantación e desenvolvemento evolutivo da plataforma ata un máximo de 29 puntos.	24,65
Criterio 2.- Prezo do servizo de desenvolvemento correctivo ata un máximo de 19 puntos.	19,00
Criterio 3.- Subministración dun sistema móbil, ata un máximo de 6 puntos	6,00
Criterio 4.- Subministración dos compoñentes que integran unha aula virtual adicional	6,00
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 60 puntos)	55,65

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/11/2023, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.40 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx.60 puntos)	Puntuación total
1ª	CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941)	33,00	55,65	88,65

E así mesmo en base a dita clasificación acordou, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adjudicación do contrato a favor da empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL.. polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 23/11/2023, comproba que a empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL. atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando a tenor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a concorrencia da non prohibición de contratar e así mesmo a través do procedemento de intermediación de datos que a empresa se atopa ao corrente das obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social e en alta no IAE.

Mediante Resolución Presidencial número o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 23/11/2023 (CSV: UD36RRRHQ3SHCFP), e requirir á empresa CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941), que presenta a mellor oferta, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023068072), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 8.617,39 € segundo se acredita mediante carga de pago con nº de operación 202300265350.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de implantación e desenvolvemento evolutivo e correctivo dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra” cofinanciado polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento á empresa CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941) conforme ao seguinte prezo e condicións:

-Prezo correspondente a implantación e desenvolvemento evolutivo da plataforma.

Prezo (sen IVE)	155.482,69 €
IVE (21%)	32.651,36 €
Prezo total (IVE engadido)	188.134,05 €

-Prezo total correspondente ao servizo de desenvolvemento correctivo:

Prezo (sen IVE)	16.865,18 €
IVE (21%)	3.541,69 €
Prezo total (IVE engadido)	20.406,87 €



-Subministración dun sistema móbil.

A empresa oferta a subministración dun sistema móbil que permita a retransmisión de eventos formativos en calquera situación que dispoña de banda larga, composto por unha cámara de plano fixo, un micrófono de solapa con sistema inalámbrico de retransmisión, un router e un trípode.	SI	X
	NON	<input type="checkbox"/>

-Subministración dos compoñentes que integran unha aula virtual adicional as mínimas requiridas, e de idénticas características as previstas no PPT (apdo 5.7).

A empresa oferta a subministración dos compoñentes que integran unha aula virtual adicional as mínimas requiridas, e de idénticas características as previstas no PPT (apdo 5.7).	SI	X
	NON	<input type="checkbox"/>

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
Investimento Concellos -2023. Dotación das aulas	2023/231.2317.65209	20.734,93 €
Investimento inmaterial proxectos – 2023. Implantación Software OTT (SaaS) Plataforma	2023/231.2317.64250 (vinculación xurídica)	68.923,71 €
Investimento inmaterial proxectos – 2023. Custos de Persoal Implantación Plataforma	2023/231.2317.64250 (vinculación xurídica)	57.126,87 €
Realización e carga de 1 experiencia formativa e formación interna	2023/231.2317.227.06	6.426,77 €
Elaboración de diagnóstico E-Administración	2024/231.2317.227.06	7.854,95 €
Desenvolvemento evolutivo da Plataforma (Ata o 30.06.2024)	2024/231.2317.64250	27.066,81 €
Desenvolvemento correctivo - 6 meses 2024	2024/231.2317.227.06	3.401,14 €
Desenvolvemento correctivo - 12 meses 2025	2025/231.2317.227.06	86.802,29 €
Desenvolvemento correctivo - 12 meses 2026	2026/231.2317.227.06	6.802,29 €
Desenvolvemento correctivo - 6 meses 2027	2027/231.2317.227.06	3.401,15 €
	TOTAL	208.540,91 €



Os importes correspondentes aos exercicios 2024, 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito axeitado e suficiente. A distribución da financiación poderá sufrir variacións en función da data en que se formalice o contrato

Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación.

O pago efectuarase a medida que se implemente a solución e se leve a cabo o desenvolvemento evolutivo e correctivo da mesma. tal e como se recolle a continuación:

a. Pagarase o importe correspondente á implantación e desenvolvemento evolutivo conforme ao cumprimento dos seguintes fitos:

FITO	DESCRICIÓN	IMPORTE CON IVE
1	Implantación do software OTT (SaaS), custos de persoal asociados á implantación e realización e carga 1 experiencia formativa e formación interna	132.477,35 €
2	Subministro de HW	20.734,93 €
3	Elaboración do diagnóstico da e-administración	7.854,95 €
4	Desenvolvemento evolutivo	27.066,81 €
	Total	188.134,04 €

O importe da facturación final asociada a cada fito resultará da aplicación da % de baixa (Bi) ofertado pola empresa adxudicataria sobre o orzamento estimado.

b. Pagarase o importe correspondente ao desenvolvemento correctivo mensualmente. Dividirase o importe total ofertado pola empresa adxudicataria para realizar o desenvolvemento correctivo entre o número de meses que dure o servizo. O pago realizarase á finalización de cada mes.

O servizo xestor comprobará o cumprimento dos traballos realizados de conformidade co establecido nos pregos e validará a presentación da factura na plataforma FACE.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de expte	2023030012		
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: . A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude , Begoña Estévez Bernárdez. A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

17.33305.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS E DISPOSITIVOS PARA O RECICLAXE DE RESIDUOS ESPECIAIS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2022 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (EXPTE.2023060336)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27/10/2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU*”, cos seguintes lotes:

Lote	Denominación
1	Illas ecolóxicas
2	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 02/11/2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/11/2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Promoción de Emprego.

Recibido informe do servizo do Promoción de Emprego, de data 28/11/2023 (CSV: ARGMJYC68C6XFLBM), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30/11/2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e propón a exclusión da oferta presentada para o Lote 1 pola empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) por non axustarse ós pregos que rexen esta licitación. A continuación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta do licitador RAQUEL GARCIA IGLESIAS (DNI: ***7690**) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Promoción de Emprego, mediante informe de data 04/12/2023, considera que a xustificación presentada polo licitador xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11/12/2023, acordou, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor do licitador RAQUEL GARCIA IGLESIAS (DNI: ***7690**), polos prezos e valores ofertados.

Mediante acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, acordou declarar deserto o Lote 1 do presente contrato.

Mediante Resolución Presidencial número 2023009394, de data 12/12/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ó licitador RAQUEL GARCIA IGLESIAS (DNI: ***7690*) que presenta a mellor oferta para o lote 2, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



O licitador RAQUEL GARCIA IGLESIAS (DNI: ***7690**) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023068098, de data 13/12/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 2.205,00 € (carta de pago núm. operación 202300265219, do 13/12/2023).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o Lote 2 do contrato de “*Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*” ó licitador RAQUEL GARCIA IGLESIAS (DNI: ***7690**), polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Lote 2: Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
31.950,00€	6.709,50€	38.659,50€



Número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 60 MESES

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse 240.4315.652.99 gastos diversos, _promoción de emprego (PROX.:92310001 DA TÚA MAN 22) do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación da correspondente factura unha vez distribuído o subministro nos concellos.

A empresa adxudicataria presentará a factura acompañada polas correspondentes acta de entrega asinada entre as persoas representantes da Deputación de Pontevedra e/ou persoal dos concellos e da empresa adxudicataria.

A factura deberá ser presentada unha vez que o servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local comprobe o subministro entregado e con posterioridade á acta de recepción do mesmo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2023060336	
Órgano xestor:	LA0007802	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de emprego

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días hábiles contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.33306.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRATAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO “DESENVOLVEMENTO DA INTEROPERABILIDADE DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CO SERVIZO “CARPETA CIUDADANA” NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022 LIÑA5 (FONDOS NEXTE GENERATION EU) (Expte.2023062010)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de actuacións incluídas na Orde TER Liña 5 - Desenvolvemento da Interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo de “Carpeta Ciudadana” no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3 e da Orde TER/836/2022 Liña5 (Fondos Next Generation EU) (Expte. 2023062010).

No mesmo acordo, acordouse invitar á empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de licitación electrónica (VORTAL) que se produce o día 17/11/23.

En data 23/11/23 a empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) presenta oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	438.016,53 €
IVE (21%)	91.983,47 €
Importe ofertado con IVE	530.000,00 €

O prazo de execución ofertado é o seguinte: 4 meses.

A continuación, conforme ao establecido na cláusula 13 da parte xeral do prego administrativo, iníciase a segunda ronda de negociación convidándolle a presentar, nun prazo non superior a corenta e oito horas, unha oferta nova ou revisada que mellore a primeira nos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación, e que será a considerada como a oferta definitiva. As proposición presentada terá carácter firme e deberá manterse, en todo caso, ata o prazo máximo de resolución do procedemento.

Os aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación foron o prezo ofertado e o prazo de execución.



En data 27/11/23 a empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) presenta un 2% de desconto sobre o prezo inicialmente ofertado, resultando o seguinte:

Importe ofertado sen IVE	429.256,20 €
IVE (21%)	90.143,80 €
Importe ofertado con IVE	519.400,00 €

O prazo de execución ofertado presenta unha redución de 2 días respecto dos 4 meses ofertados inicialmente, resultando o seguinte prazo ofertado: 3 meses e 28 días.

A continuación, procédese á valoración da oferta conforme aos criterios de valoración establecidos nos pregos reguladores do procedemento co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato:

1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 50 puntos
2. Menor prazo de execución, ata un máximo de 50 puntos.

EMPRESA	PREZO	PAZO EXECUCIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
Espublico Servicios para la Administración, S.A.	5,000	0,833	5,833

Por Resolución Presidencial nº 2023009194 de data 30/11/2023 requírese á citada empresa para que no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa da solvencia económica, financeira e técnica, así como os anexos III, IV e V do prego de cláusulas económico-administrativas e a garantía definitiva.

A empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842), presentou a documentación requirida a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra con data 15/12/2023 (REX_WEB2023068689) e constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 21.462,81 €, segundo consta en carta de pago con número de operación 202300248552 de data 05/12/23.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar a empresa, Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) o contrato para o “Desenvolvemento da Interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo de “*Carpeta Ciudadana*” no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3 e da Orde TER/836/2022 Liña5 (Fondos Next Generation EU)” polos seguintes prezos ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	429.256,20 €
IVE (21%)	90.143,80 €
Importe ofertado con IVE	519.400,00 €



O prazo máximo de duración será de 3 meses e 28 días contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria.

Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

As obrigas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total co IVE
2023	23/926.4910.652.99 “Investimentos para Concellos, PRX.92310005_PIREP. Proxecto de gasto 92310005 92310005 _ TRANSF. DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS EELL, (O.TER/836/22 M.P.T. _PIREP)	519.400,00 €

Forma de pagamento: Total.

Fitos de facturación:

A facturación realizarase unha vez recibida a mercancía e posta en produción da solución requirida e asinada a correspondente acta única de recepción favorable. O destino desta contratación serán os concellos que asinen o correspondente convenio de colaboración.

A prestación da garantía descrita no prego de prescricións técnicas dará comezo desde a sinatura da acta de recepción

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.: 2023062010	
Órgano xestor: LA006132	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135	

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



19.33307.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO PUBLICITARIO CON LÉREZ EDICIONES S.L.U. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069201)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con *Lérez Ediciones, S.L.U.* para a anualidade 2024, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Lérez Ediciones, S.L.U.*

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 11 de decembro de 2023, á empresa *Lérez Ediciones, S.L.U.*, no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 15 de decembro de 2023 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte: Menor prezo ofertado sen IVE.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Lérez Ediciones, S.L.U. (B36003549)	140.495,87 €	0 puntos

A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e na resolución presidencial do requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.024,79 € (carta de pago núm. 202300264573 de data 12/12/2023 e carta de pago núm. 202300265779 de data 14/12/2023).



Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L.U. para a anualidade 2024*”, á empresa Lérez Ediciones, S.L.U. (B36003549), polos seguintes presos e valores ofertados, de conformidade coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: 93CSIEC3EIWKIUKA).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	170.000,00 €
------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023069201		
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

20.33308.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, DO “SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA, CON RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A36005346), DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024”. (Expte.2023069185)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do Servizo de cobertura publicitaria, con *Radio Pontevedra, S.A.* (A36005346), de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Radio Pontevedra, S.A.* (A36005346)

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 11 de decembro de 2023, á empresa *Radio Pontevedra, S.A.* (A36005346), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 18 de decembro de 2023 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte: Menor prezo ofertado sen IVE. Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A36005346)	111.570,25 €	0 puntos



A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.578,51 € (carta de pago núm. 202300266388 de data 15/12/2023).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar o contrato “*Servizo de cobertura publicitaria, con Radio Pontevedra, S.A. (A36005346), de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.*”, á empresa *Radio Pontevedra, S.A. (A36005346)*, polos seguintes presos e valores ofertados, de conformidade coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: UTRY07N942OQV2MK).

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE
RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A36005346)	111.570,25 €

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE
135.000,00 €

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.



Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023069185	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

21.33309.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA EMPRESA NAROM, S.L CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 24.33059, DE 13 DE OUTUBRO DE 2023 DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR DEMORA NO CONTRATO DE OBRA DE “MELLORADA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9702 AS SINAS-VILANOVA, ENTRE O P.Q:1+415 E O P.Q. 2+225 (VILANOVA DE AROUSA)”. (Expte. 2022039817)

A Xunta de Goberno, visto o recurso de reposición interposto pola empresa Narom, S.L. contra a imposición de penalidades no referido contrato, resolve en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 12 de decembro de 2022, adxudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*” á empresa Narom, S.L. (CIF: B 36163418), polo prezo de 257.338,36 euros (IVE incluído), e un prazo de execución de catro meses, contados desde a acta de comprobación de replanteo, que se asinou o día 23 de xaneiro de 2023.



Segundo: Con data 26 de xullo de 2023, o director facultativo da obra emite informe (CSV: YYLGQTCM3R97QECL), en relación á devolución pola Intervención das certificacións de obra núm. 5 e 6, no que manifesta que a obra atópase fóra de prazo sen xustificación, incorrendo a empresa NAROM S.L. en demora respecto ao cumprimento do prazo total por causas que lle son imputables.

Á vista do informe, mediante escrito de data 28 de xullo de 2023 (CSV: K4YH8I4WGINA7TVZ), o xefe do servizo de Contratación comunica á empresa que dita circunstancia conlevará a imposición das penalidades por demora previstas no artigo 193 da LCSP e na cláusula 21.7 do prego administrativo, concedéndolle audiencia.

Terceiro: No trámite de audiencia, a empresa contratista presenta escrito de alegacións (Rexistro entrada WEB2023047795, de 07/08/2023), no que expón o seguinte:

“Á data actual os postes de Telefonía seguen sen retirarse, e Fenosa concluíu a retirada dos postes o 28 de xullo 2023. Por acordo entre a Dirección de obra e a concesionaria da eléctrica, executar o soterramento das liñas eléctricas na traza da senda, mediante un prisma de 4 tubos hormigonados, así como, a construción de dos arquetones homologados, non previsto no proxecto de adxudicación

Tamén foi necesario a recolocación do abastecemento existente, desviándoo fose da traza da senda, non prevista en proxecto. Fíxose necesario a demolición de tres pozos de construción in situ, tipo bóveda, porque se atopaba na liña do bordo proxectado, non previsto no contrato. Existiu disputa, entre a Dirección facultativa e o Concello de Vilanova, sobre onde situar o paso de peóns próximo ao acceso do campamento vacacional da Xunta de Galicia, xerándonos máis dunha semana de demora.”

Cuarto: En resposta a ditas alegacións, o director facultativo da obra emite informe de data 30 de agosto de 2023 (CSV: SDMCKEUBU3K0FGE0H), no que conclúe o seguinte:

“Por todo o indicado anteriormente, considero que a xustificación presentada pola empresa Narom S.L. non xustifica a demora na execución da obra, tendo en conta que, a maiores do especificado anteriormente, e tal e como se pode ver nas imaxes que se axuntan non Anexo N° 1, o día da entrada por rexistro do escrito de alegacións presentado por Narom S.L., o 07/08/2023, a empresa adxudicataria das obras se atopaba formigonando a senda aínda non ámbito do campamento da Xunta de Galicia (P.Q. 2+000-2+020), faltándolle aínda por formigonar case 200 metros lineais dos 800 metros lineais de senda de formigón que contempla o proxecto, a maiores dos traballos correspondentes á sinalización tanto horizontal como vertical na totalidade do ámbito da obra, recrecido de sumidoiros e remate de pozos, etc., sen xustificar ou indicado non escrito de alegacións presentado por Narom S.L. tal demora na execución das obras contempladas no proxecto.

Por último, indicar que na data da suposta finalización das obras (o día 23/05/2023), e tal e como se pode comprobar non informe de seguemento en materia de seguridade e saúde da obra emitido en maio pola empresa Enxeñería e Prevención de Riscos I+P, e que se axuntan non Anexo N° 2 deste informe, a empresa Narom S.L. se atopaba realizando vos traballos de canalizacións non P.Q. 1+800, faltándolle aínda os treitos de rede de pluviais contemplados non proxecto desde ese punto ata o P.Q. 2+200 (final da actuación), e con respecto á execución da senda, neste mes a empresa finalizou a colocación do bordo de formigón no primeiro tramo da senda contemplada non proxecto (do P.Q. 1+410 ao P.Q. 1+720), faltándolle por realizar tanto ou formigonado deste primeiro tramo da senda como a totalidade dos traballos contemplados no segundo tramo (que vai do P.Q. 1+740 ao P.Q. 2+200), tanto a preparación do terreo como a colocación do bordo e formigonado da senda.



O prazo de demora irá desde o día 23/05/2023, data da finalización oficial das obras trala sinatura da acta de comprobación de reformulo positiva ou día 23/01/2023 e ter a obra un prazo de execución de 4 meses, ata o día que se indique na certificación última como final de obra.”

Quinto: Con data 4 de outubro de 2023, o xefe do servizo de Contratación emite informe (CSV: NJGABL1D4P3IG4VQ), no que conclúe o seguinte:

“O director de obra recolle nos seus informes que existiu un retraso na execución dos traballos por causas imputables ó contratista, recollendo no informe de data 08/09/2023 , unha vez que examinou as alegacións feitas polo contratista, que a xustificación presentada pola empresa Narom S.L. non xustifica a demora na execución da obra e que o prazo de demora irá desde o día 23/05/2023, data da finalización oficial das obras trala sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva o día 23/01/2023 e ter a obra un prazo de execución de 4 meses, ata o día que se indique na certificación última como final de obra, que como se recolleu anteriormente foi o día 18/08/2023.

Polo dito anteriormente, e polo recollido nos informes do director de obra emitidos ó efecto así como o establecido nos pregos que rexeron nesta contratación e as normas de contratacións asociadas, á empresa NAROM, S.L. non cumpriu co prazo de execución do contrato por causas que lle son imputables ó contratista, superando dito prazo en OCHENTA E SETE (87) DÍAS, polo que cabería impoñerlle as penalidades correspondentes.

A cuantificación económica da cantidade a penalizar sería o resultado de aplicar a proporción diaria de 0,60 € por cada 1.000 euros do prezo do contrato IVE excluído, sendo a cantidade resultante de 11.101,70 €, cantidade que lle sería deducía da garantía constituída no seu día.”

Sexto: A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de outubro de 2023, á vista dos referidos informes, e considerando o artigo 193.3 da LCSP e a cláusula 21.7 do prego administrativo, acorda a imposición de penalidades por demora á empresa Narom, S.L. , que ascenden ao importe de 11.101,70 €.

O acordo foi notificado á empresa contratista con data 17 de outubro de 2023 (NOT2023023645, de 17/10/2023).

Sétimo: Con data 17 de novembro de 2023, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (Rexistro entrada WEB2023063786) recurso de reposición interposto por Narom, S.L. fronte á imposición das referidas penalidades.

En relación a dito recurso, con data 11 de decembro de 2023, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite informe (CSV: SBMBYS2COUIF1P0G), conformado polo Secretario Xeral con data 15 de decembro de 2023, no que propón desestimar o recurso de reposición, xa que “(...) *por unha banda, non se aprecia falta de motivación no acordo de imposición de penalidades, que basease nos informes da dirección de obra que obran no expediente, e por outra, de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, o feito da recepción da obra non impide que se poidan impor as penalidades por demora no prazo de execución.”*



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.

Segundo: A empresa Narom, S.L. está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada no contrato na súa condición de empresa contratista.

Terceiro: O artigo 119.1 LPAC establece que: “...a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...”.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

Cuarto: En canto ao contido do recurso, nos puntos un e dous, a recorrente alega falta de motivación e infracción do artigo 53 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dado que non se lle notificaron os anexos do informe da dirección de obra.

Para responder a ditas alegacións compre recordar a doutrina do tribunal Supremo, segundo a cal un acto administrativo considérase que cumpre os canones necesarios de motivación cando se expoñen as razóns que levaron á Administración a tomar a decisión de que se trata, permitindo con iso que o administrado poida rebatelos e o Tribunal de Xustiza en cuestión revisar tales alegacións.

Así, o Tribunal Supremo, Sala Tercera do Contencioso-administrativo, Sección 7ª, Sentencia de 4 Abr. 2012, Rec. 3406/2010, establece:

«(...) TERCERO.-(...)

La exigencia de la motivación de los actos administrativos responde, según reiterada doctrina jurisprudencial, de la que es exponente la Sentencia del Tribunal Supremo de 16 de julio de 2001, a la finalidad de que el interesado pueda conocer con exactitud y precisión el cuándo, cómo y por qué de lo establecido por la Administración, con la amplitud necesaria para la defensa de sus derechos e intereses, permitiendo también, a su vez, a los órganos jurisdiccionales el conocimiento de los datos fácticos y normativos que les permitan resolver la impugnación judicial del acto, en el juicio de su facultad de revisión y control de la actividad administrativa; de tal modo que la falta de esa motivación o su insuficiencia notoria, en la medida que impiden impugnar ese acto con seria posibilidad de criticar las bases y criterios en que se funda, integran un vicio de anulabilidad, en cuanto dejan al interesado en situación de indefensión.

Todo ello, sin perjuicio de la lógica discrepancia de quien obtiene una resolución desfavorable a sus intereses, lo que no constituye falta de motivación porque su derecho no alcanza a la concesión de lo pedido, ya que nadie tiene derecho a que le den la razón, sino a que la decisión que se le brinda ofrezca la explicación necesaria para que el administrado pueda conocer con exactitud y precisión el contenido del acto».



No mesmo senso e dirección, o Tribunal Supremo, Sala Tercera, do Contencioso-administrativo, Sección 3ª, Sentencia de 31 May. 2012, Rec. 621/2011:

“(..). Por otro lado, igualmente es jurisprudencia reiterada que el requisito de la motivación de los actos administrativos, no exige un razonamiento exhaustivo y pormenorizado, pues basta con la expresión de las razones que permitan conocer los criterios esenciales fundamentadores de la decisión, facilitando a los interesados el conocimiento necesario para valorar la corrección o incorrección jurídica del acto a los efectos de ejercitar las acciones de impugnación que el ordenamiento jurídico establece y articular adecuadamente sus medios de defensa (Sentencias de 28 de junio de 2010, RC 3821/2006 , 9 de julio de 2010, RC 1/2008 , 8 de octubre de 2010, RC 5/2008 , 11 de febrero de 2011, RCA 161/2009 , 31 de marzo de 2011, RCA 29/2010 , y 23 de noviembre de 2011, RC 3638/2009 , por citar algunas de las más recientes)”.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de xaneiro de 2014, no Recurso de Casación 3415/12, sinala que: *«la motivación del acto administrativo cumple diferentes funciones. Ante todo y desde el punto de vista interno viene a asegurar la seriedad en la formación de la voluntad de la Administración. Pero en el terreno formal -exteriorización de los fundamentos por cuya virtud se dicta un acto administrativo- no es solo, como subraya el Tribunal Constitucional, una elemental cortesía sino que constituye una garantía para el administrado que podrá así impugnar en su caso el acto administrativo con posibilidad de criticar las bases en que se funda; en último término la motivación es el medio que posibilita el control jurisdiccional de la actuación administrativa, pues, como quiera que los Jueces y Tribunales han de controlar la legalidad de la actuación administrativa, así como el sometimiento de esta a los fines que la justifican - artículo, 106.1 Constitución -, la Administración viene obligada a motivar las resoluciones que dicte en el ejercicio de sus facultades, con una base fáctica suficientemente acreditada y aplicando la normativa jurídica adecuada al caso cuestionado, sin presuponer, a través de unos juicios de valor sin base fáctica alguna, unas conclusiones no suficientemente fundadas en los oportunos informes que preceptivamente ha de obtener de los órganos competentes para emitirlos, los cuales, a su vez, para que sean jurídicamente válidos a los efectos que aquí importan, han de fundarse en razones de hecho y de derecho que los justifiquen. »*

Neste sentido, compre dicir que no corpo do acordo de imposición de penalidade recorrido faise referencia ao informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte:

“...O director de obra recolle nos seus informes que existiu un retraso na execución dos traballos por causas imputables ó contratista, recollendo no informe de data 08/09/2023 , unha vez que examinou as alegacións feitas polo contratista, que a xustificación presentada pola empresa Narom S.L. non xustifica a demora na execución da obra e que o prazo de demora irá desde o día 23/05/2023, data da finalización oficial das obras trala sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva o día 23/01/2023 e ter a obra un prazo de execución de 4 meses, ata o día que se indique na certificación última como final de obra, que como se recolleu anteriormente foi o día 18/08/2023. Polo dito anteriormente, e polo recollido nos informes do director de obra emitidos ó efecto así como o establecido nos pregos que rexeron nesta contratación e as normas de contratacións asociadas, á empresa NAROM, S.L. non cumpriu co prazo de execución do contrato por causas que lle son imputables ó contratista, superando dito prazo en OCHENTA E SETE (87) DÍAS, polo que cabería impoñerlle as penalidades correspondentes. A cuantificación económica da cantidade a penalizar sería o resultado de aplicar a proporción diaria de 0,60 € por cada 1.000 euros do prazo do contrato IVE excluído, sendo a cantidade resultante de 11.101,70 €, cantidade que lle sería deducía da garantía constituída no seu día...”



O informe do director de obra no que se sustenta o acordo de imposición de penalidades, que obra no expediente (CSV: SDMCKEUBU3K0FGE0H), responde punto por punto ás alegacións efectuadas polo contratista no trámite de audiencia.

Por outra banda, o recorrente puido solicitar acceso a aqueles documentos e/ou anexos que obran no expediente, dos que, amais de estar referenciados no propio acordo, tiña coñecemento, como se desprende do recurso que presenta.

Quinto: Canto á alegación do recorrente sobre a infracción dos artigos 190 e seguintes da LCSP, que basea en que, por unha banda, non existe culpabilidade da adxudicataria no retraso da execución da obra, e por outra, que as penalidades impostas teñen unha finalidade coercitiva cando a obra xa está finalizada, compre sinalar o seguinte:

Como ben sinala o acordo de imposición de penalidade recorrido, o artigo 193.3 da LCSP establece que *“Cando a ou o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IV/E excluído”*.

Dito artigo comeza dicindo que *“o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.”*

Producida a mora do contratista, por causas imputables ao mesmo segundo xustifica o director de obra nos seus informes, a Administración, en atención ás circunstancias concorrentes, decide a continuación do contrato coa imposición das penalidades diarias previstas na LCSP e no propio prego, computadas desde o primeiro día de retraso ata a data de finalización da obra, como se comunica á empresa no trámite de audiencia. A mora do contratista non precisa intimación previa por parte da Administración, que opta pola imposición de penalidades e a continuidade do contrato.

Apoiando dita actuación, o Informe 6/2001, de 3 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, baixo a rúbrica de «Esixencia de penalidades por demora no prazo de execución de obras e aboamento de intereses de demora», sinala que o feito da recepción da obra non impide que se poidan impor as penalidades por demora no prazo de execución. Di o citado informe, no que aquí interesa, o seguinte:

«(...) 3. El art. 96 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (hoy art. 193 de la LCSP) aborda el tema de la demora en la ejecución de contratos y, después de declarar que el contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva e indicar que la constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración, concede a esta última la facultad de optar por la resolución del contrato o por la imposición de penalidades cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total o, en determinadas condiciones, de los plazos parciales.



(...) se aduce que la imposición de penalidades no procede, ya que las mismas tienen por finalidad la ejecución de las obras. Tal afirmación genérica también debe ser descartada, pues, aparte de que la mayoría de los preceptos de la legislación de contratos de las Administraciones Públicas tienden a garantizar la ejecución de los contratos, las penalidades previstas en el art. 95 de la Ley tienen una finalidad clara sancionadora y compensatoria de los perjuicios sufridos por la Administración por el retraso en el cumplimiento de los contratos, aunque estrictamente no se trate de un supuesto de indemnización de daños y perjuicios efectivos sino de los que las que técnicamente pueden considerarse indemnizaciones tasadas.(...)».

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar na súa totalidade o recurso de reposición interposto pola empresa Narom, S.L. (CIF:B36163418) contra o acordo da Xunta de Goberno, adoptado na súa sesión ordinaria do día 13 de outubro de 2023, de imposición de penalidades por demora no contrato de obra de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)”.

22.33310.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DAS OBRAS DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓN SOLARES FOTOVOLTAICAS III: PROXECTO 3. EDIFICIOS COLEXIO PÚBLICO INTEGRADO E PAVILLÓN DE DEPORTES DO CONCELLO DE CATOIRA. PROXECTO 5.- EDIFICIOS PISCINA E CLUB NÁUTICO, CASA DA CULTURA E COMPLEXO DEPORTIVO DO CONCELLO DE RIBADUMIA. LOTE 3”.
(Expte.2023030782)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023, adxudicou á empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064) o lote 3 “Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio Público Integrado e Pavillón de Deportes do Concello de Catoira. Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e Complexo Deportivo do Concello de Ribadumia” do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.

Visto que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 14 de novembro de 2023, e con data 13 de decembro de 2023 o contratista e o director de obra asinan acta de comprobación de replanteo, na que se indica o seguinte: “Na data actual falta non se dispón do Plan de Seguridade e Saúde aprobado nin comunicación de apertura do centro de traballo. Suspéndese o inicio de execución ata que ditos documentos se atopen aprobados”.



Visto que, con data 14 de decembro de 2023, o servizo de Cooperación remite ao servizo de Contratación informe da xefa de servizo, de data 14 de decembro de 2023, no que indica o seguinte:

“(…) Cuarto.- Con data 14/11/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e Setga SLU (CIF B-36.699.064), o contrato administrativo para a execución do proxecto.

Quinto.- O Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares ao que está suxeito o contrato indica, no apartado 20.1.3 Aprobación do programa de traballo, plan de seguridade e saúde e plan de xestión de residuos, que o contratista deberá presentar no Rexistro Xeral da Deputación, no prazo de 20 días contados desde a formalización do contrato, o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde e o de xestión de residuos.

- *O plan de seguridade e saúde, será elaborado polo contratista, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.*

Así mesmo, neste documento se indica: “se o director facultativo, ou o coordinador de seguridade e saúde no caso do plan de seguridade e saúde, observase deficiencias nalgún destes documentos, notificará esta circunstancia ao contratista, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda.”

Sexto.- Con data 05/12/2023 Setga SLU envía por correo electrónico o Plan de Seguridade e Saúde do lote 3 “Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas III”.

Sétimo.- Con data 12/12/2023 mediante Resolucións Presidenciais números RP2023009381 e RP2023009382 adjudicouse á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) os contratos: “Contrato derivado Lote 4 do Acordo marco de seguridade e saúde da obra “Mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000- 2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do plan de recuperación transformación e resiliencia” correspondente ao Proxecto 3 (lote 3) no Concello de Catoira.” e “Contrato derivado Lote 4 do Acordo marco de seguridade e saúde da obra “Mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do plan de recuperación transformación e resiliencia” correspondente ao Proxecto 5 (lote 3) no Concello de Ribadumia”

*Oitavo.- Con data 12/12/2023 con entrada no rexistro WEB2023067721, a empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL S.L. (CIF B36962314) solicita a designación como Coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras a: ELENA MARIA GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con DNI: ***3730** adscrita a dita empresa.*

*Noveno.- Con data 12/12/2023 noméase como Coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras a: a ELENA MARIA GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con DNI: ***3730*** adscrita a dita empresa.*

Décimo.- Con data 12/12/2023 a coordinadora de seguridade e saúde lle notifica á empresa adjudicataria as modificacións necesarias para aprobar o plan de seguridade e saúde.

Undécimo.- Con data 13/12/2023 o representante da empresa Setga SLU e o director de obra, César del Río Tapias, reunidos, asinan a acta de comprobación de replanteo.



O director de obra indica na acta asinada que se procede á suspensión do inicio da execución dos traballos: “Na data actual non se dispón do Plan de Seguridade e Saúde aprobado nin comunicación de apertura do centro de traballo. Suspendese o inicio de execución ata que ditos documentos se atopen aprobados.”. A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se realice dita documentación e sexa aprobada. (...)”

Tendo en conta que a cláusula 20.1.3 do prego administrativo establece que “o contratista deberá presentar no Rexistro Xeral da Deputación, no prazo de 20 días contados desde a formalización do contrato, o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde e o de xestión de residuos. (...) se o director facultativo, ou o coordinador de seguridade e saúde no caso do plan de seguridade e saúde, observase deficiencias nalgún destes documentos, notificará esta circunstancia ao contratista, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda.”

Visto que, segundo informa o servizo de Cooperación, con data 12 de decembro de 2023, a coordinadora de seguridade e saúde lle notifica á empresa adxudicataria as modificacións necesarias para aprobar o plan de seguridade e saúde. No momento de aprobación da acta de comprobación de replanteo aínda non se aprobou dito plan nin se conta con autorización do centro de traballo necesarios para iniciar as obras.

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que no seu primeiro parágrafo establece que “dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.”

Tendo en conta o artigo 208.1 da LCSP, que establece que: “(...) se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel (...)”.

Tendo en conta que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén asinada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión do inicio da execución das obras de “Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio Público Integrado e Pavillón de Deportes do Concello de Catoira. Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares



fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e Complexo Deportivo do Concello de Ribadumia” (lote 3 do contrato 2023030782), desde o día 13 de decembro de 2023, ata que se aprrobe o Plan de seguridade e saúde e se autorice a apertura do centro de traballo.

Unha vez solucionadas as causas que deron lugar a suspensión do inicio da execución formalizarase entre o contratista e o director de obra a correspondente acta de inicio.

23.33311.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DAS OBRAS DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS III: PROXECTO 1. EDIFICIO CASA DO CONCELLO DE FORCAREI. PROXECTO 4.- EDIFICIOS CASA DO CONCELLO, CENTRO DE SAÚDE E ALBERGUE DO CONCELLO DE DOZÓN. LOTE 1”.
(Expte.2023030782)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023, adxudicou á empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064) o lote 1 “*Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei. Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón*” do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.

Visto que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 14 de novembro de 2023, e con data 13 de decembro de 2023 o contratista e o director de obra asinan acta de comprobación de replanteo, na que se indica o seguinte: “*Na data actual falta non se dispón do Plan de Seguridade e Saúde aprobado nin comunicación de apertura do centro de traballo. Suspéndese o inicio de execución ata que ditos documentos se atopen aprobados*”.

Visto que, con data 14 de decembro de 2023, o servizo de Cooperación remite ao servizo de Contratación informe da xefa de servizo, de data 14 de decembro de 2023, no que indica o seguinte:

“(…) *Cuarto.- Con data 14/11/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e Setga SLU (CIF B-36.699.064), o contrato administrativo para a execución do proxecto.*

Quinto.- O Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares ao que está suxeito o contrato indica, no apartado 20.1.3 Aprobación do programa de traballo, plan de seguridade e saúde e plan de xestión de residuos, que o contratista deberá presentar no Rexistro Xeral da Deputación, no prazo de 20 días contados desde a formalización do contrato, o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde e o de xestión de residuos.

- *O plan de seguridade e saúde, será elaborado polo contratista, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.*

Así mesmo, neste documento se indica: “se o director facultativo, ou o coordinador de seguridade e saúde no caso do plan de seguridade e saúde, observase deficiencias nalgún destes documentos, notificará esta circunstancia ao contratista, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda.”



Sexto.- Con data 05/12/2023 Setga SLU envía por correo electrónico o Plan de Seguridade e Saúde do lote 1 “Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I”.

Sétimo.- Con data 12/12/2023 mediante Resolucións Presidenciais números RP2023009383 e RP2023009375 adxudicouse á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) os contratos: “Contrato derivado Lote 4 do Acordo marco de seguridade e saúde da obra “Mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do plan de recuperación transformación e resiliencia” correspondente ao Proxecto 1 (lote 1) no Concello de Forcarei.” e “Contrato derivado Lote 4 do Acordo marco de seguridade e saúde da obra “Mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do plan de recuperación transformación e resiliencia” correspondente ao Proxecto 4 (lote 1) no Concello de Dozón”

Oitavo.- Con data 12/12/2023 con entrada no rexistro WEB2023067721, a empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL S.L. (CIF B36962314) solicita a designación como Coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras a: a Ruben Gómez Carrera, con DNI: ***7053** adscrito a dita empresa.

Noveno.- Con data 12/12/2023 noméase como Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras a: a RUBEN GOMEZ CARRERA, con DNI: 53170534P adscrito a dita empresa.

Décimo.- Con data 12.12.2023 o coordinador de seguridade e saúde lle notifica á empresa adxudicataria as modificacións necesarias para aprobar o plan de seguridade e saúde.

Undécimo.- Con data 13/12/2023 o representante da empresa Setga SLU e o director de obra, César del Río Tapias, reunidos, asinan a acta de comprobación de replanteo.

O director de obra indica na acta asinada que se procede á suspensión do inicio da execución dos traballos: “Na data actual non se dispón do Plan de Seguridade e Saúde aprobado nin comunicación de apertura do centro de traballo. Suspendese o inicio de execución ata que ditos documentos se atopen aprobados.”. A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se realice dita documentación e sexa aprobada. (...)”

Tendo en conta que a cláusula 20.1.3 do prego administrativo establece que “o contratista deberá presentar no Rexistro Xeral da Deputación, no prazo de 20 días contados desde a formalización do contrato, o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde e o de xestión de residuos. (...)se o director facultativo, ou o coordinador de seguridade e saúde no caso do plan de seguridade e saúde, observase deficiencias nalgún destes documentos, notificará esta circunstancia ao contratista, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda.”

Visto que, segundo informa o servizo de Cooperación, con data 12 de decembro de 2023, a coordinadora de seguridade e saúde lle notifica á empresa adxudicataria as modificacións necesarias para aprobar o plan de seguridade e saúde. No momento de aprobación da acta de comprobación de replanteo aínda non se aprobou dito plan nin se conta con autorización do centro de traballo necesarios para iniciar as obras.

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que no seu primeiro parágrafo establece que “dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.”



Tendo en conta o artigo 208.1 da LCSP, que establece que: “(...) se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel (...)”.

Tendo en conta que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén asinada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión do inicio da execución das obras de “Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei. Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón” (lote 1 do contrato 2023030782), desde o día 13 de decembro de 2023, ata que se aprobe o plan de seguridade e saúde e se autorice a apertura do centro de traballo.

Unha vez solucionadas as causas que deron lugar a suspensión do inicio da execución formalizárase entre o contratista e o director de obra a correspondente acta de inicio.

24.33312.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DAS OBRAS DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS III: PROXECTO 2. EDIFICIOS CASA CONSISTORIAL E POLIDEPORTIVO E PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS. LOTE 2”. (Expte.2023030782)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023, adjudicou á empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064) o lote 2 “Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis.” do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.



Visto que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 14 de novembro de 2023, e con data 13 de decembro de 2023 o contratista e o director de obra asinan acta de comprobación de replanteo, na que se indica o seguinte: “Na data actual atópase solicitada a “Autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”, incluída no expediente CIVIDAS da obra co CSV: UGMSRT58XYS0WOKJ. Mentres a dita autorización non obteña resposta favorable suspéndese o inicio da execución das obras”.

Visto que, con data 14 de decembro de 2023, o servizo de Cooperación remite ao servizo de Contratación informe da xefa de servizo, de data 14 de decembro de 2023, no que indica o seguinte:

“(…) Cuarto.- Con data 14/11/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e Setga SLU (CIF B-36.699.064), o contrato administrativo para a execución do proxecto.

Quinto.- O Prego de Clausulas Economico-Administrativas Particulares ao que está suxeito o contrato indica, no apartado 20.1.4: “A ou o contratista, como substituto da Administración, está obrigado a xestionar o outorgamento de todas as licenzas, impostos, autorizacións e requirimentos establecidos nas normas e ordenanzas municipais e de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarios para o inicio, execución e entrega ao uso ou servizo das obras, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios, sen prexuízo da actuación que a esta última lle corresponda.”

Sexto.- Con data 01/12/2023 o Concello de Caldas de Reis solicita á Dirección Xeral De Patrimonio Cultural que se autoricen as actuacións contempladas no proxecto de “PROYECTO 2. MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA MEDIANTE INSTALACIONES SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO EN LOS EDIFICIOS CASA CONSISTORIAL Y POLIDEPORTIVO Y PISCINA MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS”. Documento xustificante incluído no expediente do proxecto con csv UKZ1X9XYQR3MAX45.

Sétimo.- En data 13/12/2023 non se ten resposta da Dirección Xeral De Patrimonio Cultural en canto a dita autorización sectorial.

Undécimo.- Con data 13/12/2023 o representante da empresa Setga SLU e o director de obra, César del Río Tapias, reunidos, asinan a acta de comprobación de replanteo.

O director de obra indica na acta asinada que se procede á suspensión do inicio da execución dos traballos: “Na data actual atópase solicitada a “Autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”, incluída no expediente CIVIDAS da obra co CSV: UGMSRT58XYS0WOKJ. Mentres a dita autorización non obteña resposta favorable suspéndese o inicio da execución das obras.” A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se realice dita documentación e sexa aprobada. (...)”

Tendo en conta que a cláusula 20.1.4 do prego administrativo establece que “A ou o contratista, como substituto da Administración, está obrigado a xestionar o outorgamento de todas as licenzas, impostos, autorizacións e requirimentos establecidos nas normas e ordenanzas municipais e de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarios para o inicio, execución e entrega ao uso ou servizo das obras, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios, sen prexuízo da actuación que a esta última lle corresponda.”



Visto que, segundo informa o servizo de Cooperación, con data 1 de decembro de 2023, o *Concello de Caldas de Reis* solicita á Dirección Xeral De Patrimonio Cultural que se autoricen as actuacións. No momento de aprobación da acta de comprobación de replanteo aínda non está pendente dita autorización.

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que no seu primeiro parágrafo establece que *"dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta."*

Tendo en conta o artigo 208.1 da LCSP, que establece que: *"(...) se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel (...)"*.

Tendo en conta que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *"1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén asinada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe..."*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión do inicio da execución das obras de *"Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis."* (lote 2 do contrato 2023030782), desde o día 13 de decembro de 2023, ata que se autoricen as actuacións pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Unha vez solucionadas as causas que deron lugar a suspensión do inicio da execución formalizárase entre o contratista e o director de obra a correspondente acta de inicio.



25.33313.- ACEPTACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS E AXENDA 2030 PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO DENOMINADO “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. PROXECTO DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS ODS E DE ACTIVACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN AO ODS 7 E AS COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍA”; DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACCÍONS PARA O IMPULSO DA AXENDA 2030 NAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DA ORDE DSA/632/2022, DO 23 DE XUÑO. (Expte.2023030813)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución de concesión de axudas da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 con destino ao proxecto “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía” e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 e publicada en data 08/11/2023 no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a Xefa de Servizo de Cooperación, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.*
- O Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 publicou o día 06 de xullo de 2022 (BOE núm. 161) a Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais. Posteriormente, o día 28 de marzo de 2023 publicouse o extracto da resolución do 23 de marzo de 2023 da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 74).*
- En data 27/04/2023, mediante a resolución presidencial número RP2023003412, apróbase o proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” para a súa presentación á citada convocatoria. Posteriormente, en data 27/04/2023 o proxecto citado preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030; asinándolle o número de rexistro REGAGE23e00027150025.*
- Finalmente, en data 08/11/2023, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, por importe de 249.500,00 euros sendo o total do orzamento os 426.000,00 euros.*



- O obxecto do proxecto é achegar á cidadanía da provincia de Pontevedra a realidade da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), estimando que as actividades desenvólvanse en 20 concellos. A localización da Axenda 2030 na provincia de Pontevedra farase a partir de dúas liñas de traballo: achegar a Axenda aos pequenos concellos rurais, activando o compromiso cidadán co ODS e activar especificamente a acción cidadá e comunitaria cara ao ODS 7 enerxía alcanzable e non contaminante a partir do desenvolvemento de Laboratorios Cidadás, incidindo no valor social da enerxía comunitaria e nas Comunidades Locais de Enerxía (CLE) como instrumento útil para o seu despregamento e para loitar contra a pobreza enerxética.
- Polo que respecta ás condicións económicas do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” o seu custo total subvencionable cuantifícase en 426.000,00 € e a súa desagregación por tipoloxía de actuación e custe subvencionable detállase na seguinte táboa:

TIPOLOXÍA DA ACTUACIÓN	CUSTE TOTAL
A.- PERSONAL	
<i>Gastos de persoal</i>	80.000,00 €
Total PERSONAL	80.000,00 €
B.- ACTIVIDADES	
<i>Material funcible</i>	45.000,00 €
<i>Outros 1- Asistencia técnica para o deseño e apoio na coordinación</i>	30.250,00 €
<i>Outros 2- Gastos relacionados co deseño e produción da exposición itinerante</i>	60.250,00 €
<i>Outros 3- Gastos relacionados co despregamento da exposición</i>	116.500,00 €
<i>Outros 4- Gastos relacionados cos Laboratorios Cidadás</i>	40.000,00 €
<i>Outros 5- Gastos relacionados coa elaboración de guías</i>	14.000,00 €
<i>Outros 6- Gastos relacionados con actividades de recoñecemento</i>	10.000,00 €
<i>Outros 7- Gastos relacionados con actividades de difusión e comunicación</i>	30.000,00 €
Total ACTIVIDADES	346.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	426.000,00 €

- En canto ao cadro financeiro do proxecto é o que se desagrega a continuación:

Custe total subvencionable	Axuda concedida	Co-financiamento da Deputación
426.000,00 €	249.500,00 €	176.500,00 €



A Deputación de Pontevedra achegará 176.500,00€ de co-financiamento do orzamento global do proxecto (426.000,00€). Os custos asumidos pola Deputación de Pontevedra serán:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Dedicación do equipo da Deputación de Pontevedra	80.000,00 €
Organización e coordinación da itinerancia da exposición e as actividades complementarias	12.100,00 €
Loxística da celebración da exposición itinerante	50.000,00 €
Equipo de atención e dinamización da exposición itinerante	14.400,00 €
Comunicación xeral	20.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	176.500,00 €

En relación á “Dedicación do equipo da Deputación de Pontevedra”, na Memoria explicativa do proxecto recóllese a categoría e cualificación profesional, así como a porcentaxe de dedicación da xornada habitual durante a duración do proxecto, segundo a seguinte táboa:

CATEGORÍA E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL	% DEDICACIÓN AO PROXECTO	ESTADO	IMPORTE ESTIMADO 2024
Director/a do proxecto	20% da xornada	RELACIÓN FUNCIONARIAL EXISTENTE NA RPT	6.500,00 €
A.1 Técnico/a do proxecto	Xornada completa	NOVA CONTRATACIÓN	45.000,00 €
A.1 Técnico/a experto/a en enerxía	20% da xornada	RELACIÓN FUNCIONARIAL EXISTENTE NA RPT	8.000,00 €
A.1 Técnico/a de Comunicación	10% da xornada	RELACIÓN FUNCIONARIAL EXISTENTE NA RPT	4.000,00 €
A.2 Técnico/a de Comunicación	30% da xornada	RELACIÓN FUNCIONARIAL EXISTENTE NA RPT	10.000,00 €
A.2 Técnico/a de xestión	20% da xornada	RELACIÓN FUNCIONARIAL EXISTENTE NA RPT	6.500,00 €
TOTAL ORZAMENTO			80.000,00 €



- En canto ao cadro financeiro do proxecto correspondente á Deputación de Pontevedra, por anualidades é o que se desagrega a continuación:

Entidade	Execución no 2024	Execución no 2024 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida MDSe.A2030	249.500,00 €	249.500,00 €
Aportación Deputación (fondos propios)	176.500,00 €	176.500,00 €
Total	426.000,00 €	426.000,00 €

- En canto á execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 12 meses, a contar a concesión da axuda, polo que se prolongará ata 30 novembro de 2024.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 161) e Resolución do 23 de marzo de 2022 da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 74).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto 9.4 da Orde DSA/632/2022, a resolución publicarase nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En todo caso, esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos.
- No artigo 9.6 da Orde DSA/632/2022, indícase que as subvencións concedidas faranse públicas, nos termos previstos no artigo 18.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. A publicación na BDNS farase tendo en conta o previsto no artigo 20.8 b) da mesma lei e para os efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- No artigo 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, recóllese que a publicación dos actos realizárase no diario oficial que corresponda, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto para notificar.



Petición e evacuación de informes

- *Artigos 79 e 80 dá LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigos 88.6 dá LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto dá mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da*
- *aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente:

- *En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno.*

III. CONCLUSIÓNS

A Deputación de Pontevedra solicitou unha axuda con cargo ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía”; dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño.

En data 08/11/2023, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, por importe de 249.500,00 euros sendo o total do orzamento os 426.000,00 euros.

Neste sentido, conformidade co previsto no artigo 9.4 da Orde DSA/632/2022, a resolución publicarase nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En todo caso, esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos. Ademais, no artigo 10.4 da Orde DSA/632/2022, establécese que as subvencións a que se refire esta orde concederanse en réxime de pagos anticipados, co límite que, no seu caso, puidese establecer cada convocatoria.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do devandito proxecto é necesario realizar a aprobación dos mesmos, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 249.500,00 euros correspondente ás subvencións concedidas mediante a resolución de concesión de axuda de 8 de novembro de 2023.



Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 176.500,00 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abriranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, iníciense os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda ao proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía”; dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 12/12/2023, e da Intervención Provincial de data 14/12/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida pola *Secretaría de Estado* para a *Axenda 2030* ao proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía” para a súa execución, mediante resolución favorable da Secretaría Xeral do IDAE co número de data 08/11/2023 publicada no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, sendo o total do investimento elixible admitido de 426.000,00€.



- Aprobar o gasto cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución no 2024	Execución no 2024 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida MDSeA2030	249.500,00 €	249.500,00 €
Aportación Deputación (fondos propios)	176.500,00 €	176.500,00 €
Total	426.000,00 €	426.000,00 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 176.500,00€ na aplicación que se abra do orzamento provincial no correspondente proxectos de gasto cun código de proxecto de gastos específico coa denominación: “240000X - DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPAA”, permitindo un seguimento contable diferenciado durante a vida do proxecto e unha pista de auditoría individualizada.
- Cumprir coa normativa de aplicación, contida no Fundamento de Dereito Segundo da Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023 e ás instrucións que, en uso das súas facultades de control, seguimento e avaliación, poidan establecerse pola Dirección Xeral de Políticas Pansas para o Cumprimento da Axenda 2030.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia



26.33314.- ENCARGO Á EMPRESA TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P., COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DO CENTRO DE ACOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DE ARMENTEIRA (PERÍODO 2024-2025) (Expte. 2023074506)

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 12 de decembro do 2023, que conta co conforme do Deputado Delegado do Centro de acollida e protección de animais de Armenteira, co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emite o seguinte

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2021 (acordo nº 4.31101), encargou á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteira (CAAN), con efectos 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023.

Así mesmo, comunicouse o citado encargo á empresa aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público e publicouse o acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Pontevedra ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017, 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo.

Segundo. Próximo a expirar o período de vixencia do encargo á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P da xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteira (CAAN), a Deputación de Pontevedra considera necesario dar continuidade ao mesmo co fin de manter no ÁMBITO PÚBLICO a prestación dun servizo que afecta ao INTERESE XERAL e a aspectos esenciais de sanidade, orde pública, benestar dos animais e medio ambiente e que detallamos a continuación:

a) A través deste encargo a un medio propio como TRAGSATEC a Deputación de Pontevedra seguirá a prestar este servizo a 52 concellos da provincia, cunha poboación conxunta de 423.530 habitantes, que delegaron na Institución Provincial esta competencia propia; nos anos que leva en funcionamento este servizo o centro realizou preto de 19.000 intervencións e actualmente atende unha media de 230-250 animais nas instalacións de Armenteira.



Deixar de prestar o servizo nestes momentos causaría un GRAVE PREXUÍZO aos concellos que carecen dos medios necesarios para iso, tendo en conta, ademais, que tanto a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de Protección e Benestar dos animais de compañía en Galicia (DOGA n° 194, de 11 de outubro de 2017) coma a Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais (BOE n° 75, de 29 de marzo de 2023), obríganlles a dispor dun centro autorizado do que carecen na actualidade.

Neste sentido resaltar que a Deputación de Pontevedra é a actual titular do centro público de acollida de animais abandonados da Armenteira, autorizado pola Xunta de Galicia e que figura inscrito co número 36/028/0005/CR no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos.

Ademais, produciríase unha situación moi grave para a SALUBRIDADE PÚBLICA xa que os animais que agora mesmo están no Centro de acollida deixarían de ser asistidos, incorrendo- tanto a Deputación como os Concellos- nunha grave negligencia.

Por iso, a continuidade do servizo mancomunado de recollida de animais constitúe unha prioridade para a Deputación de Pontevedra e os numerosos Concellos adberidos ao mesmo que viron solucionado un grave problema de salubridade pública e seguridade viaria.

A satisfacción é a nota predominante na prestación dun servizo que non lles ocasiona ningún problema e é atendido coa máxima celeridade ante calquera petición que xurda.

b) A entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía de Galicia, veu a supoñer unha modificación significativa de certas actuacións desenvolvidas polo CAAN. Entre as medidas máis destacables, pola súa magnitude e significación técnica, atopamos a obrigatoriedade de esterilizar a todos os animais entregados en adopción e a prohibición xenérica do sacrificio de animais nos centros de recollida, coas excepcións legalmente establecidas.

Estas novidades fixeron necesario un gran esforzo por parte de Deputación de Pontevedra para conseguir que o centro de acollida garantira estes novos requirimentos, tanto dende o punto de vista estrutural como da prestación de servizos.

Igualmente, compre destacar tamén o esforzo realizado dende o punto de vista da prevención do abandono tanto dende a Deputación de Pontevedra como dende o Centro de Acollida, deseñando e executando campañas de concienciación e actuacións de colaboración con outras entidades e autoridades implicadas na protección animal.

Todas estas medidas e actuacións están a ter unha repercusión directa sobre a xestión e os obxectivos do centro, que ven a consolidar uns resultados excelentes nos valores de recuperación e adopción dos animais abandonados recollidos na rúa, acadando unhas taxas de adopción que duplican os valores acadados nos anos 2013 e 2014, con máis de 600 animais adoptados ao ano. Deste modo, o centro de acollida está a mudar o modelo de xestión, baseado na recollida e mantemento dun gran número de animais, por un modelo sostible de recollida e entrega en adopción.



Pois ben, para levar a cabo ditas políticas consideramos que a empresa pública Tragsatec dispón dos recursos adecuados para planificar e xestionar o servizo de acollida de animais garantindo os seus dereitos, grazas ao seu potencial de resposta e ao seu gran equipo técnico. As características incluídas no encargo adaptaranse ás necesidades futuras do servizo que ten como premisa fundamental garantir o benestar dos animais recollidos.

c) A entrada en vigor da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais supuxo un aumento das competencias dos concellos nesta materia. Entre as novas obrigas destacan a prestación dun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria dos animais abandonados dispoñible 24 horas ao día, a identificación e rexistro de todos os animais que sexan recollidos sen identificación e a obriga de xestión das colonias felinas.

No que respecta á obriga para a prestación dun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria, a propia norma apunta á posibilidade de delegar aquela nas deputacións provinciais. Non obstante, o modelo actual de prestación do servizo no CAAN xa está aliñado coa obriga de prestación dun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria, dispoñible 24 horas.

Sen embargo, a necesidade de identificación e rexistro de todos os animais que son recollidos sen identificación si que supón un gran impacto sobre os centros de protección animal galegos, tendo en conta a que a norma autonómica non contempla a identificación no momento da entrada dos animais e só previa esta obriga para aqueles animais que saían do centro; na práctica esta obriga implica un dobre trámite de rexistro para aqueles animais que posteriormente son adoptados, o cal implicará un incremento medio duns 20 a 25 euros por animal recollido polo CAAN.

Por outra banda, a Lei 7/2023 tamén ven a impoñer a xestión obrigatoria das colonias felinas, que ata o momento tiñan carácter voluntario, de acordo coa Lei 4/2017. Se ben se trata dun servizo ata agora non contemplado no encargo ao medio propio e non prestado polo CAAN, compre ter en conta o previsto no artigo 39.3 da Lei 7/2023 que prevé o apoio das deputacións provinciais aos concellos nesta materia, aludindo ao exercicio das competencias que a estas lles corresponden en canto á garantía da prestación de servizos públicos municipais.

Segundo describe a proia norma, a xestión de colonias felinas é un procedemento normalizado mediante o cal un grupo de gatos comunitarios non adoptables, son alimentados, censados e sometidos a un programa sanitario e de control da poboación CER (captura/esterilización/retorno), controlando a chegada de novos individuos. As obrigas que recolle a Lei 7/2023 a este respecto son a alimentación, a identificación e rexistro, a esterilización e a execución de programas sanitarios que inclúan a desparasitación e vacinación dos animais.

Se ben a norma non marca os límites da colaboración e apoio que as deputacións deberán aportar na xestión das colonias felinas, se estima convinte prestar apoio na identificación e esterilización dos animais da especie felina que formen parte das colonias en concellos de poboación inferior aos 20.000 habitantes e, polo tanto, para a execución deste tipo de actuacións.

d) A prestación do servizo a través desta empresa pública resulta vantaxosa con respecto a unha licitación por garantir, en maior medida, a súa continuidade sen interrupción e nas condicións desexadas. Pola súa banda, a definición e adjudicación do contrato resulta complexa debido, entre outros factores, a que non existen precedentes neste tipo de servizos na Deputación e á carencia, por parte dos Concellos integrantes, do persoal propio especializado na materia, concretamente veterinarios/as.



A maiores do anterior, nestes momentos un cambio na política de xestión do centro nin sería oportuna nin conveniente desde o punto de vista social, xa que grazas á actividade desenvolvida estes anos cambiouse a percepción que parte das Asociacións Protectoras de Animais tiñan respecto deste centro, e do que agora ninguén dubida do seu labor como centro de acollida e refuxio de animais.

e) Coa xestión de Tragsatec mellorouse substancialmente a calidade na prestación do servizo (respecto da que realizan algúns Concellos), grazas ao seu gran potencial de resposta e a un equipo veterinario formado e cualificado. Durante todos estes anos de traballo esta empresa pública foi garante da prestación, de acordo coa legalidade, dun servizo xa de seu moi complexo debido á sensibilidade dunha parte da sociedade co posible destino dos animais.

Fíxose especial fincapé no fomento das adopcións dos animais, gratuíta para os particulares cando o prezo normal dunha adopción non baixa dos 60-80 euros (animal vacinado, desparasitado, con microchip etc...), co obxectivo de garantir esas políticas de benestar, superando as 5.000 adopcións.

Neste sentido é de destacar que tanto a Lei de Protección e Benestar dos animais de compañía en Galicia coma a Lei de Protección dos Dereitos e do Benestar dos animais estatal establecen que todos os animais que saian en adopción teñeno que facer esterilizados, obriga que levará un gran esforzo de medios que a empresa Tragsatec está en condicións de cumprir.

Tamén é importante subliñar que actualmente a normativa estatal prevé coma obrigatoria a prestación do servizo as 24 horas do día, durante os 365 días do ano, o que implica dispor de persoal suficiente en todo momento para garantir a súa correcta prestación e que dificilmente unha empresa privada podería garantir.

f) A empresa Tragsatec está a colaborar activamente coas distintas autoridades administrativas e xudiciais na incautación e retirada de animais no marco de actuacións de vixilancia e control sobre o benestar animal, colaboración que se deixaría de prestar no suposto de non encargar o servizo á unha empresa pública, co consecuente prexuízo para o interese xeral; tamén se tramitan numerosas denuncias por malos tratos animais e se colabora co SEPRONA na persecución de posibles delitos.

NOVA PROPOSTA ECONÓMICA

Xustificada a necesidade de encargar novamente a xestión do CAAN á empresa pública Tragsatec, como medio propio da Deputación de Pontevedra, os servizos desenvolvidos a través deste encargo aparecen detallados no prego de prescricións técnicas que acompaña a este informe e que, a modo de resumo, son os seguintes:

- *Servizo de recollida de animais abandonados e/ou vagabundos, durante os 365 días do ano e 24 horas diarias.*
- *Servizo de recollida de animais con propietario que, por causas debidamente xustificadas, non poden ser atendidos polos mesmos: tramitación das solicitudes, resolución e notificación das mesmas.*
- *Localización de propietarios no lugar da recollida do can e, no seu defecto, dende o centro de recollida realizando as notificacións necesarias para o cumprimento da normativa.*
- *Colaboración con diferentes autoridades competentes no comiso e retirada de cans, no marco das actuacións de vixilancia e control sobre o benestar dos animais domésticos.*



- Xestión da entrega de animais aos seus propietarios no centro de recollida (incluída a recadación de taxas).
- Mantemento e coidado dos animais recollidos no centro.
- Limpeza e desinfección das instalacións do centro de recollida.
- Identificación de animais recollidos non identificados e/ou adoptados, previo á súa saída do centro.
- Revisión e tratamento sanitario de animais abandonados nas primeiras 24 horas dende a súa entrada.
- Asistencia veterinaria sobre os animais acollidos no centro.
- Esterilizacións de todos os animais entregados en adopción.
- Atención ao público presencial, telefonicamente e telematicamente.
- Xestión de adopcións e cesións de animais declarados abandonados a particulares. Os animais adoptados son entregados desparasitados, vacinados, identificados e inscritos no rexistro de animais de compañía de Galicia.
- Colaboración no deseño e desenvolvemento de campañas de adopción.
- Formación e asesoramento de técnicos e autoridades municipais, para o exercicio de competencias, especialmente no referente ao desenvolvemento da normativa local, os controis, a vixilancia e a argumentación dos expedientes administrativos.
- Inicio e seguimento de expedientes administrativos de protección animal (fundamentalmente abandono) e en materia de animais potencialmente perigosos.
- Realización de estudos e informes solicitados por diferentes concellos sobre as actuacións realizadas e sobre a valoración das condicións de mantemento de diferentes animais.
- Colaboracións en investigación, saúde e benestar animal: estudo nacional sobre a prevalencia de enfermidades infecciosas máis importantes, sobre os indicadores de benestar animal (AVEM) e sobre as taxas de adopción (Fundación AFFINITY).
- Actividades de esterilización de gatos procedentes das colonias felinas dos concellos da provincia de Pontevedra, con menos de 20.000 habitantes, que contan cun sistema de xestión de colonias felinas.

A proposta económica derivada deste novo encargo ascende a 712.594,81 euros, de acordo ao seguinte detalle resumido:

Annualidade 2024

1. Coordinación	6.185,50 €
2. Servizo de recollida	179.152,81 €
3. Servizo de atención do centro de recollida	134.724,25 €
4. Servizo de atención veterinaria	320.103,49 €
CUSTES TOTAIS	640.166,05 €
5.00 % Custes Indirectos	32.008,30 €
6.00 % Gastos Xerais	40.330,46 €
Total Orzamento de Execución Material	712.504,81 €
Total Orzamento de Execución por Administración	712.504,81 €



A anualidade do 2025 ten o mesmo alcance e importe.

Este orzamento non se verá modificado pola anexión de novos concellos ao servizo, agás aqueles que superen os 50.000 habitantes ou pertenzan a outra provincia.

A proposta económica que aparece detallada na documentación adxunta, axústase á calidade do servizo solicitado en base aos seguintes argumentos:

a) O número de actuacións desenvolvidas polo CAAN mantense en constante crecemento. O centro ven a atender cada ano un número maior de avisos de localización de animais pola vía pública, que deben de ser recollidos para a súa atención. Durante os anos 2022 e 2023 chegaron a atender case 4.400 solicitudes de servizo, entre as que se inclúen as correspondentes con cans abandonados, que non son reclamados polos seus propietarios, e aqueles cans perdidos ou extraviados, que son reclamados e recollidos polos seus donos.

Non obstante, compre indicar que o número de abandonos mantense en valores moi elevados, chegando aos case 3 cans abandonados por cada 1.000 habitantes, retornando así a valores de abandonos similares aos do ano 2019, cun comportamento similar ao do resto do estado, segundo os datos publicados pola Fundación Affinity.

Pois ben, o elevado número de intervencións realizadas polo CAAN conlevou a un novo reforzo do persoal adscrito ó servizo. Neste sentido resaltar que só unha empresa pública como Tragsatec sería quen de garantir o correcto desenvolvemento das tarefas previstas inicialmente durante estes anos.

b) Tamén é importante subliñar que o servizo se presta os 365 días do ano, as 24 horas, sábados, domingos e festivos, e que para a súa prestación correcta, tendo en conta o número crecente de avisos de servizo, os animais presentes no centro, o volume de adopcións e os novos requirimentos legais, é necesario contar cun equipo veterinario formado por catro veterinarios con dedicación completa e un quinto de dedicación parcial, así como seis operarios-laceros e dous administrativos, cuns elevados custos no capítulo de persoal.

c) Durante o ano 2022 e no que vai de 2023 produciuse un incremento acumulado da taxa de variación anual do IPC dun 8,8%, segundo o INE, o que propiciou un incremento dos custes relativos á prestación do servizo, afectando tanto á revalorización das tarifas do grupo Tragsa coma os custes correspondentes con materiais e consumibles non suxeitos a tarifa, coma é o caso dos relativos á alimentación dos animais (superior ao 40% segundo informa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación).

Compre destacar que a prestación deste servizo por parte da empresa pública TRAGSATEC fixo posible que se mantivera o mesmo, de xeito ininterrompido, sen que isto repercutise na calidade do servizo.

d) A proposta económica de TRAGSATEC é moi competitiva, permite unha optimización dos recursos públicos, unha mellora da calidade na prestación do servizo e un importante aforro respecto a unha posible concesión do servizo a unha empresa privada.

Proba do dito é o estudo económico-financeiro elaborado no seu día polos técnicos do Servizo de Cooperación que se adxunta ao presente informe no que se fixa un prezo de 766.894,77 euros para prestar un servizo como este; neste punto lembrar que outra vantaxe respecto a unha licitación é que aos encargos realizados ao medio propio TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC non se lle aplica o IVE (artigo 7.8º.c) da Lei do IVE), co aforro que isto supón para o adxudicador.



As tarifas vixentes actualmente veñen determinadas pola actualización automática das tarifas oficiais do GRUPO TRAGSA vixentes na actualidade (aprobadas mediante Resolución da Subsecretaría do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 13/04/2023, BOE núm. 92, do 18/04/2023), segundo as unidades descritas no orzamento.

e) A entrada en vigor da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de Protección dos Dereitos e do Benestar dos Animais, ven a supoñer unha modificación significativa de certas actuacións desenvolvidas polo CAAN. Entres as medidas máis destacables, pola súa magnitude e significación técnica, atopamos a obrigatoriedade de identificar e rexistrar a todos os animais que entran nos centros de recollida, en lugar de identificar unicamente aos que saíron en adopción, co incremento de custes que isto implica en conceptos de material, persoal e taxas administrativas.

f) Tamén seguen a ser de especial importancia as actividades do centro derivadas da execución das competencias municipais sobre o benestar animal, solicitándose numerosas actuacións de valoración, actuacións provisionais de comiso, informes e declaracións periciais e asesoramento en xeral sobre o benestar e protección animal. Así, estando estas actuacións e colaboracións recollidas de forma expresa e obrigada na normativa actual, faise necesario ter en conta este tipo de actividades para a determinación do orzamento tendo en conta a especialización, dedicación e precisión coa que deben de ser realizadas.

g) Por último, e como unha das novidades destes vindeiros anos, se propón a realización de actividades de esterilización de gatos procedentes das colonias felinas xestionadas por concellos de menos de 20.000 habitantes, de acordo co previsto no artigo 39.3 da Lei 7/2023 que prevé o apoio das deputacións provinciais aos concellos nesta materia.

FINANCIAMENTO E DURACIÓN DO ENCARGO

O importe correspondente ao ano 2024, que ascende a 712.504,81 euros, afrontarase con cargo á aplicación 24/923.1705.227.07 e as súas vinculacións xurídicas do Orzamento Provincial dese ano, quedando supeditada ao expediente de suplemento de crédito que se tramite ao longo do exercicio.

A cantidade correspondente ao ano 2025 (712.504,81 euros), queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento provincial dese ano.

Tendo en conta que os 52 concellos adheridos suman 423.530 habitantes e que a súa aportación na liquidación do ano 2023 foi de 169.412,00 euros (a razón de 0,40 euros/habitante), expomos a posibilidade de subir a cota dos concellos o próximo ano sempre que criterios de oportunidade e conveniencia así o aconsellen.

O encargo á empresa Tragsatec, como medio propio da Deputación Provincial de Pontevedra, establécese polo período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2025, co fin de garantir a continuidade da actual política de xestión do centro (baseada nas adopcións e no benestar animal), a estabilidade, eficiencia e eficacia do servizo.

FORMALIZACIÓN DO ENCARGO

De acordo co disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que se lle encomenden de entre as materias relacionadas nos apartados 4 e 5 (entre outras, recollida e transporte de animais, actividade agrícola,



gandeira e animal, administración e xestión de fincas, centros agrarios, medioambientais, de conservación da natureza, sanidade animal etc.); a súas relacións coa Deputación, da que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da Lei, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

A comunicación efectuada pola Deputación de Pontevedra encargando unha actuación a algunha das sociedades do grupo suporá a orde para iniciala, sen prexuízo da observancia do disposto no artigo 32.6.b), debendo unicamente formalizarse en documento que será publicado no perfil do contratante da Deputación ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017).

CONCLUSIÓN

Á vista das razóns de eficacia, eficiencia e economía descritas con anterioridade, infórmase favorablemente o novo encargo á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, da xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteira (CAAN), durante o período 2024-2025, nos termos expostos...”

Vista a nota de conformidade emitida pola Secretaría Xeral en relación ao citado informe proposta, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe da Intervención Xeral, de data 19 de decembro de 2023, favorable á tramitación do presente expediente e no que se reflicte que a proposta económica deste novo encargo (712.594,81 euros) será imputable á aplicación orzamentaria 24/923.1705.227.07 na que, a data de hoxe, non existe crédito no orzamento inicialmente aprobado para tal fin, quedando condicionada á aprobación definitiva do orzamento do ano 2024 por tratarse dunha tramitación anticipada, e á existencia de crédito adecuado e suficiente na mesma mediante a tramitación do oportuno expediente de modificación de crédito.

Respecto do ano 2025, o importe ascende igualmente a 712.594,81 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 25/923.1705.227.07, na que a existencia de crédito dispoñible quedará condicionada á aprobación de orzamento para dito exercicio.

A vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Encargar á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteria (CAAN), con efectos 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2025, de conformidade co informe anteriormente transcrito, o prego de prescricións técnicas e o orzamento que figuran no expediente co CSV:BV4YHD9RNWPNA20P.



Segundo. Comunicar o presente encargo á empresa Tragsatec S.A. S.M.E.M. P aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro. Publíquese o presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Pontevedra ao superar o encargo o importe de 50.000,00 € (artigo 63.6 da Lei 9/2017, 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo.

27.33315.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CULTUREA” DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte.2023073671)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra conta, desde os anos 80, cunha liña de apoio á promoción cultural provincial de agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, así como as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, para a realización de actividades nas distintas manifestacións artísticas, coma as artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural.

Segundo.- A través desta iniciativa a Deputación autorizou no 2023 máis de 3.500 actuacións fomentando o acceso deslocalizado á actuacións no ámbito das artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural, o que repercute na economía local así como asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios situados na nosa provincia.

Terceiro.- Coa constitución da nova Corporación Provincial preténdese dar un impulso a este programa, bautizado co nome de “Culturea”, co obxectivo de manter viva a cultura popular e as tradicións en todo o territorio da provincia. Nesta liña, o programa “Culturea” reforza a súa estratexia de difusión a través da habilitación da Axenda cultural provincial, dispoñible a través da web da Deputación de Pontevedra - <https://www.depo.gal/es/axenda-de-actividades>, co obxectivo de ofrecer unha maior visibilidade e facilidade por parte da cidadanía ás actuacións, promovendo a reputación da nosa provincia como destino cultural.

Este novo programa pretende asegurar que as actuacións autorizadas con fondos públicos identifiquen aqueles elementos mínimos de publicade institucional para garantir o retorno da axuda como elemento esencial na mellora da transparencia, a rendición de contas e a valoración do impacto tanto a nivel local como da sociedade xeral. Ademais, “Culturea” terá plan de difusión de contidos propios nas redes sociais da Deputación de Pontevedra, ofrecendo, ademais, a impresión de carteis promocionais a aquelas entidades que así o soliciten.

Cuarto.- Vistos os informes favorables xurídico e do asesor xurídico de Administración electrónica, adscrito á Secretaría Xeral e da Intervención de 19 de decembro de 2023.



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria 2024 do Programa “Culturea” de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra e que figuran co CSV: JTN59JATD8PY4L0B



28.33316.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL (Expte.2023069397)

A Deputación Provincial de Pontevedra subscribiu coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, publicado no BOE nº 311 con data 28/12/2021, un convenio de colaboración en materia de xestión catastral en substitución do xa existente que databa do 13/06/2001, no que se modifican e amplían as materias obxecto de colaboración que son, entre outras, fundamentalmente as seguintes:

- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- Actuacións de colaboración, igualmente en réxime de encomenda de xestión, na actualización das descripcións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, sempre que ditos inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do Convenio.

Este novo marco de colaboración en materia de xestión catastral, que se estende a inmobles rústicos e urbanos e aposta por un mantemento integral que permite ter o Catastro permanentemente actualizado sobre a base dunha xestión desenvolvida sobre un mapa parcelario de incidencias ou discrepancias pendentes entre a información catastral e a realidade inmobiliaria, suporá acometer novos traballos catastrais.

Desta forma, en cumprimento dos compromisos adquiridos cos concellos, esta Deputación incrementa de forma considerable a colaboración en materia de xestión catastral.

A Orde EHA/1616/2010, de 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio por entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións de aboamento de gastos (<https://www.boe.es/boe/dias/2010/06/18/pdfs/BOE-A-2010-9686.pdf>) ten por obxecto a regulación dos requisitos e condicións para concretar, de acordo coa disposición adicional 5ª do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, os medios para a execución dos traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro no marco dos convenios de colaboración que prevegan a posibilidade de financiar os ditos traballos, así como os termos, prazos e condicións para o pago a SEGIPSA dos gastos que deben asumir as entidades colaboradoras con motivo da execución dos traballos, e aplícase ás entidades que subscribiran convenios de colaboración con arranxo ao artigo 62 do Real decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, nos que se prevega a posibilidade de financiar os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do catastro que poidan ser obxecto de encargo a SEGIPSA.



O Convenio de colaboración subscrito pola Deputación de Pontevedra coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, dispón na súa cláusula sétima que “para el desarrollo de todos o alguno de los trabajos previstos en las cláusulas segunda, tercera, cuarta y quinta del presente Convenio, la Diputación podrá optar, alternativamente, por recabar el apoyo de la Dirección General del Catastro, asumiendo la Diputación su financiación directamente, o bien realizarlos por sus propios medios”

Para os exercicios 2022 e 2023, esta Deputación solicitoulle á Dirección Xeral do Catastro que encomende a SEGIPSA os traballos, nos termos da Orde EHA/1616/2010 (<https://www.boe.es/boe/dias/2010/06/18/pdfs/BOE-A-2010-9686.pdf>), téndose realizado ditos traballos cun alto grao de satisfacción tanto por parte da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra como por parte desta Deputación de Pontevedra.

SEGIPSA ten o carácter de medio propio instrumental e de servizo técnico da Dirección Xeral do Catastro para a realización dos traballos de formación e mantemento do Catastro Inmobiliario.

É a Dirección Xeral do Catastro quen encomenda a SEGIPSA os traballos catastrais derivados dos convenios. En consecuencia, é ela quen fixa os procedementos, especificacións e criterios técnicos precisos para garantir a calidade e homoxeneidade dos traballos, elaborando para iso os correspondentes manuais operativos (artigo 3 da Orde EHA 1616/2010), e é ela quen recibe os traballos obxecto de encomenda.

SEGIPSA ten subscritos acordos marco coas mellores empresas do sector, acordos que lle permiten asignarlles traballos de maneira áxil e eficaz, reservándose sempre tarefas de dirección técnica, coordinación e control de calidade. Minimízanse así os riscos de incumprimento: se por calquera motivo unha das empresas fallase na execución, poderían reasignar os traballos de modo case automático, ou ben executalos cos seus propios medios.

Así, para o exercicio das funcións atribuídas no convenio, a Deputación pode solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que formule encargo á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, S.A (SEGIPSA).

Nestes casos os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións que se establecen na Orde EHA/1616/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións do aboamento de gastos.

As tarifas de SEGIPSA para a realización de traballos en materia de xestión catastral aprobáronse por Resolución da Subsecretaría de Facenda e Función Pública do 18 de outubro de 2022, que se achega ao expediente, non estando estas suxeitas ao IVE.



Tendo en conta estas circunstancias e o feito de que as tarifas de SEGIPSA son competitivas, a xefatura do Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI propón, que se realicen por SEGIPSA os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario para a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e físico-económica (de bens rústicos e urbanos), así como a colaboración en actuacións de investigación xurídica e física dos mesmos bens.

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio ,calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 239.999,55 €, segundo a seguinte desagregación:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total por Exped.	Total por Inm.	Total
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos (media 1,5 inmobles)	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	9,44 €	375	563	0,00 €	5.314,72 €	5.314,72 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltos sen alteración (media 1,5 inmobles)	A2	901 SIN CAMBIO	0,00 €	5,00 €	76	115	0,00 €	575,00 €	575,00 €
Emendas de Discrepancias (Inclúe primeiro inmoble)	A4	DICJ, COEJ, RECJ	18,87 €	9,44 €	38	10	717,06 €	94,40 €	811,46 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes de titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4,	0,00 €	9,44 €	55	55	0,00 €	519,20 €	519,20 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (media 1,1 inmobles)	B2	902-3-4, .	42,61 €	17,76 €	1.218	1.340	51.898,98 €	23.798,40 €	75.697,38 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4	42,61 €	0,00 €	115	0	4.900,15 €	0,00 €	4.900,15 €
Expedientes de emenda de discrepancias, correccións de erros ou elaboración de propostas de resolución de recursos de reposición de tipo físico (sen desprazamento) (media 1,1 inmobles)	B5	DICF, COEF, RECF	64,75 €	17,76 €	1.020	1.121	66.045,00 €	19.908,96 €	85.953,96 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos con desprazamento (Inclúe primeiro inmoble)	C1	902-3-4 C	71,00 €	22,56 €	750	100	53.250,00 €	2.256,00 €	55.506,00 €



Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total por Exped.	Total por Inm.	Total
Expedientes cuxo obxecto sexa a incorporación ao Catastro de construcións deportivas das modalidades 5.1.2 y 5.2.2	C2	902-3-4 C	25,00 €	0,00 €	75	0	1.875,00 €	0,00 €	1.875,00 €
Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1	DICF	0,00 €	6,50 €	0	38	0,00 €	247,00 €	247,00 €
Resolución complexa de erros de cruce/solapes (Sen desprazamento)	D2	DICF	0,00 €	13,20 €	0	38	0,00 €	501,60 €	501,60 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.1	DICF	0,00 €	36,80 €	0	38	0,00 €	1.398,40 €	1.398,40 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.2	DICF	0,00 €	18,54 €	0	38	0,00 €	704,52 €	704,52 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Capa de Parcelario	D8.1	DICF, COEF	0,00 €	1,05 €	0	75	0,00 €	78,75 €	78,75 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Inclúe subparcelas construción	D8.2	DICF, COEF	0,00 €	3,77 €	0	75	0,00 €	282,75 €	282,75 €
Depuración de ruiros. Aportando relación inmobles	D9.1	CNOT	0,00 €	1,05 €	0	38	0,00 €	39,90 €	39,90 €
Depuración de ruiros. Sen aportar relación inmobles	D9.2	CNOT	0,00 €	1,50 €	0	38	0,00 €	57,00 €	57,00 €
Registro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	497,28 €	0,00 €	497,28 €



Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total por Exped.	Total por Inm.	Total
Rexistro e dixitalización (non superior a DIN A4)	D10.2		4,44 €	0,00 €	18	0	79,92 €	0,00 €	79,92 €
Diagnostico de expedientes catastrais: análises de documentación e necesidade de trámites intermedios	D11	902-3-4, DICF, RECF.	7,22 €	0,00 €	52	0	375,44 €	0,00 €	375,44 €
Toma de fotografías de fachada (urbana)	D14.1		1,22 €	0,00 €	52	0	63,44 €	0,00 €	63,44 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, máis de 350)	D14.2		2,50 €	0,00 €	52	0	130,00 €	0,00 €	130,00 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, menos de 350)	D14.3		5,00 €	0,00 €	52	0	260,00 €	0,00 €	260,00 €
Detección en gabinete de alteracións non declaradas e o seu correspondente reflexo no Mapa de Xestión	D15	PUMG	7,66 €	0,00 €	148	0	1.133,68 €	0,00 €	1.133,68 €
Resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais	E1.1		29,97 €	0,00 €	100	0	2.997,00 €	0,00 €	2.997,00 €
TOTAIS							184.222,95 €	55.776,60 €	239.999,55 €

O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 24/932.9320.22707 (traballos catastrais). A tramitación anticipada do gasto supón que o mesmo quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/01/2024 ata o 31/12/2024.

Para iso deberá realizarse unha solicitude á Dirección Xeral do Catastro para que encargue á *Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A.* (SEGIPSA) a realización de traballos catastrais obxecto de convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula Décimoquinta.

Constan no expediente os informes favorables de Secretaría e Intervención.



Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer gastos de carácter ordinario e os demais precisos para a contratación de obras, servizos, subministros, etc. cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros nos contratos de obras, e 100.000,00 euros no resto de contratos segundo a base 16.2 das Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial.

A vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total por Exped.	Total por Inm.	Total
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos (media 1,5 inmobles)	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	9,44 €	375	563	0,00 €	5.314,72 €	5.314,72 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltos sen alteración (media 1,5 inmobles)	A2	901 SIN CAMBIO	0,00 €	5,00 €	76	115	0,00 €	575,00 €	575,00 €
Emendas de Discrepancias (Inclúe primeiro inmovle)	A4	DICJ, COEJ, RECJ	18,87 €	9,44 €	38	10	717,06 €	94,40 €	811,46 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes de titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4,	0,00 €	9,44 €	55	55	0,00 €	519,20 €	519,20 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (media 1,1 inmobles)	B2	902-3-4, .	42,61 €	17,76 €	1.218	1.340	51.898,98 €	23.798,40 €	75.697,38 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4	42,61 €	0,00 €	115	0	4.900,15 €	0,00 €	4.900,15 €
Expedientes de emenda de discrepancias, correccións de erros ou elaboración de propostas de resolución de recursos de reposición de tipo físico (sen desprazamento) (media 1,1 inmobles)	B5	DICF, COEF, RECF	64,75 €	17,76 €	1.020	1.121	66.045,00 €	19.908,96 €	85.953,96 €



Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total por Exped.	Total por Inm.	Total
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos con desprazamento (Inclúe primeiro inmovible)	C1	902-3-4 C	71,00 €	22,56 €	750	100	53.250,00 €	2.256,00 €	55.506,00 €
Expedientes cuxo obxecto sexa a incorporación ao Catastro de construcións deportivas das modalidades 5.1.2 y 5.2.2	C2	902-3-4 C	25,00 €	0,00 €	75	0	1.875,00 €	0,00 €	1.875,00 €
Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1	DICF	0,00 €	6,50 €	0	38	0,00 €	247,00 €	247,00 €
Resolución complexa de erros de cruce/solapes (Sen desprazamento)	D2	DICF	0,00 €	13,20 €	0	38	0,00 €	501,60 €	501,60 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.1	DICF	0,00 €	36,80 €	0	38	0,00 €	1.398,40 €	1.398,40 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.2	DICF	0,00 €	18,54 €	0	38	0,00 €	704,52 €	704,52 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Capa de Parcelario	D8.1	DICF, COEF	0,00 €	1,05 €	0	75	0,00 €	78,75 €	78,75 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Inclúe subparcelas construción	D8.2	DICF, COEF	0,00 €	3,77 €	0	75	0,00 €	282,75 €	282,75 €
Depuración de rueiros. Aportando relación inmovibles	D9.1	CNOT	0,00 €	1,05 €	0	38	0,00 €	39,90 €	39,90 €



Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total por Exped.	Total por Inm.	Total
Depuración de rueiros. Sen aportar relación inmobles	D9.2	CNOT	0,00 €	1,50 €	0	38	0,00 €	57,00 €	57,00 €
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	497,28 €	0,00 €	497,28 €
Rexistro e dixitalización (non superior a DIN A4)	D10.2		4,44 €	0,00 €	18	0	79,92 €	0,00 €	79,92 €
Diagnostico de expedientes catastrais: análises de documentación e necesidade de trámites intermedios	D11	902-3-4, DICF, RECF.	7,22 €	0,00 €	52	0	375,44 €	0,00 €	375,44 €
Toma de fotografías de fachada (urbana)	D14.1		1,22 €	0,00 €	52	0	63,44 €	0,00 €	63,44 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, máis de 350)	D14.2		2,50 €	0,00 €	52	0	130,00 €	0,00 €	130,00 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, menos de 350)	D14.3		5,00 €	0,00 €	52	0	260,00 €	0,00 €	260,00 €
Detección en gabinete de alteracións non declaradas e o seu correspondente reflexo no Mapa de Xestión	D15	PUMG	7,66 €	0,00 €	148	0	1.133,68 €	0,00 €	1.133,68 €
Resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais	E1.1		29,97 €	0,00 €	100	0	2.997,00 €	0,00 €	2.997,00 €
TOTALS							184.222,95 €	55.776,60 €	239.999,55 €

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio ,calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 239.999,55 €, segundo a desagregación anterior.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula Décimo quinta.

SEGUNDO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 24/932.9320.22707 (traballos catastrais). A tramitación anticipada do gasto supón que o mesmo quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



TERCEIRO: O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/01/2024 ata o 31/12/2024.

CUARTO: Os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións e coa aplicación das tarifas que se establecen na Orde EHA/2016/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradora

29.33317.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

30.33318.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non se formularon.

31.33319.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

